Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión ordinaria do 05 de agosto de 2021**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego (on line)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez (on line)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (on line)
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día cinco de agosto de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(681).- APROBACIÓN ACTAS:** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 29 de xullo de 2021 e extraordinaria e urxente do 30/07/2021. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizadas coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–Presidente.

**2(682).- EXPEDIENTE DE CREACIÓN DO REXISTRO DE ACTIVIDADES DE TRATAMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9642/113.**
Visto o informe xurídico do 28/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 16/07/2021, asinado polo xefe do Servizo de Admon. Electrónica, pola técnica de Admon. Xeral da Inspección de Tributos, pola xefa do Servizo de Inspección de

Tributos e pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

**1.** O dereito á privacidade, que leva implícita a prohibición de toda inxerencia ilegal sobre a vida privada das persoas, proclamouse como un dereito fundamental de primeiro nivel na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Do mesmo xeito, a Constitución española de 1978 recolle no seu artigo 18 o dereito á protección de datos de carácter persoal e a protección fronte a uso da informática. En desenvolvemento desde dereito fundamental, promulgouse a Lei orgánica 5/1992, de regulación de tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, que foi derrogada posteriormente pola Lei orgánica 15/1999, de Protección de datos de carácter persoal, tamén derrogada. Así mesmo, a Directiva 95/46/CE aprobaba o Regulamento Xeral de protección de datos, que se mantivo en vigor ata a promulgación do actual RXPD.

A evolución do mesmo concepto de dato persoal, que pasa de ter unha perspectiva limitada á protección dos datos da vida privada a ser considerado un auténtico e autónomo dereito fundamental, aplicable a toda clase de datos e información, derivou na promulgación do vixente Regulamento 2016/679, Xeral de Protección de datos (RXPD), que foi desenvolto no noso dereito interno pola lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

**2.** Pola súa parte, a entrada en vigor das Leis 39 (reguladora do Procedemento administrativo común, en adiante LPAC) e 40 (do Réxime Xurídico do Sector Público, en adiante LRXSP), ambas do 1 de outubro de 2015, supuxo a consagración do novo marco xurídico no que se vai desenvolver a actuación administrativa. Así, no artigo 13 h) LPAC configúrase coma un dereito dos que teñan capacidade de obrar antes as AAPP o dereito á protección dos datos de carácter persoal, e en particular á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das Administracións públicas". Ademais, remítese á lexislación reguladora da protección de datos ao tratar dos rexistros (art. 16), arquivos (art 17) e notificacións (art. 45). Pola súa banda, na LRXSP tamén se contempla como principio reitor da actuación das Administracións Públicas a protección de datos de carácter persoal.

**3.** Por outro lado, o 25 de setembro de 2015 a Organización das Nacións Unidas fixou 17 obxectivos de desenvolvemento sostible de cara ao ano 2030. Entre eles atópase o n.º 16, que propón crear institucións públicas sólidas, fixando como meta a de *"crear a todos os niveis unhas institucións eficaces e transparentes que rindan contas"* así coma o de *"garantir o acceso público á información e protexer as liberdades fundamentais, de conformidade coas leis e os acordos internacionais"*.

**4.** Expostas así as cousas, debe considerarse a Administración pública actual como un medio para lograr o interese da cidadanía, esencialmente a través de medios electrónicos, logrando cohonestar a evolución coas esixencias xurídicas derivadas do principio de legalidade. Deste xeito, a Administración debe introducir mecanismos capaces de conseguir o difícil equilibrio entre simplicidade e seguridade xurídica, entre tecnoloxía e dereito, dentro do pleno respecto e observancia dos dereitos e liberdades da cidadanía e ao resto do ordenamento xurídico.

O Concello de Vigo ten que garantir o cumprimento estrito da normativa vixente en materia de protección de datos.

En consecuencia, no presente informe proponse a creación do Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Vigo, así como a adopción de todas as medidas necesarias para a súa posta en marcha e funcionamento.

**NORMATIVA APLICABLE:**

- Constitución española, de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. (LRXSP)
- Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de datos, (RXPD)
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais. (LOPDGDD)
- Lei orgánica 15/1999, de Protección de datos de carácter persoal
- Esquema Nacional de Seguridade (ENS), aprobado por Real decreto 3/2010, de 8 de xaneiro.
- Lei 19/2013, de 13 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (En adiante, Lei de transparencia)
- Lei 12/1989, de 9 de maio, da Función estadística pública.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro: Introdución.**
A normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal experimentou unha profunda renovación derivada da entrada en vigor do RXPD que, xunto coa LOPDGDD, constitúe o ecosistema normativo fundamental no que se vai desenvolver a protección deste dereito fundamental.

**Segundo: Designación do DPD.**
O RXPD, no seu artigo 37, impón a designación dun delegado de protección de datos (DPD) cando o tratamento de datos persoais "*se leve a cabo por unha autoridade ou organismo público*" e o artigo 34 da LOPDGDD se pronuncia nos mesmos términos. O Concello de Vigo procedeu á designación do delegado de protección de datos nos exptedientes 8572/113 e 9547-113 , comunicando así mesmo a designación á autoridade de control competente (en España, a Axencia Española de Protección de datos, AEPD).

**Terceiro: Protección de datos desde o deseño e por defecto.**
A nova regulación da materia inspírase nos principios de protección desde o deseño e por defecto, que xa foron recoñecidos internacionalmente mediante resolución ditada pola 32ª Conferencia Internacional de Protección de datos que se celebrou no ano 2010. Co RXPD, estes principios adquire a categoría de obriga para os actores interviñentes na protección de datos, segundo o artigo 25. Búscase que o tratamento de datos persoais se axuste en todo caso ás disposicións do RXPD, empregando medidas técnicas e organizativas apropiadas, tales como a seudonimización e anonimización dos datos persoais,de modo que se evite o

acceso indiscriminado aos mesmos, así como a minimización, que pretende reducir o número de datos persoais recollidos, de xeito que se recaben so os imprescindibles para concreta finalidade.

**Cuarto: Bases legais que lexitiman o tratamento de datos persoais.**
O RXPD consagra os principios aplicables ao tratamento de datos de carácter persoal no seu artigo 5. Entre outros, recolle que os datos serán tratados de maneira lícita, leal e transparente, serán adecuados e pertinentes en relación aos fins para os que se recaban. Introduce, ademais, o concepto de <<responsabilidade proactiva>>, en virtude do cal o responsable do tratamento responderá do cumprimento dos principios do artigo 6.1.

O principio da licitude do tratamento de datos de carácter persoal esixe que este se incardine nalgunha das bases que permiten o seu tratamento conforme o artigo 6 RXPD.
Segundo este precepto:
*O tratamento so será lícito se se cumpre ao menos unha das seguintes condicións:*
*a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos;*
*b) o tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte, ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais;*
*c) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento;*
*d) o tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física;*
*e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercizo de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento;*
*f) o tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo responsable do tratamento ou por un terceiro, sempre que sobre ditos intereses non prevalezan os intereses ou os dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran a protección de datos persoais, en particular cando o interesado sexa un neno.*
*O disposto na letra f) do parágrafo primeiro non será de aplicación ao tratamento realizado polas autoridades públicas no exercizo das súas funcións.*

**Quinto: Medidas de seguridade.**
A disposición adicional 1ª da LOPDGDD establece que, no ámbito do sector público, o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) incluirá as medidas que deban implantarse caso de tratamento de datos persoais para evitar a súa pérdida, alteración ou acceso non autorizado, adaptando os criterios de determinación do risco no tratamento dos datos ao establecido no artigo 32 do RXPD.
En consecuencia, as medidas de seguridade aplicables ás actividades de tratamento realizadas polo Concello de Vigo está recollido no ENS, aprobado polo Real decreto 3/2010, de 8 de xaneiro.

**Sexto: Actividades de tratamento con normativa específica.**
En primeiro lugar, debemos ter en conta que de conformidade coa Disposición adicional 14 da LOPDGDD, na actualidade continúan vixentes os artigos 23 e 24 da Lei 15/1999, que regulan determinadas excepcións aos dereitos de acceso, rectificación e cancelación nas actividades de tratamento de datos realizadas por forzas e corpos de seguridade, así como outras excepcións aos dereitos do interesado no caso da defensa nacional ou da seguridade pública, ou da persecución de infraccións penais.

Así mesmo, o artigo 23 da LO 15/1999 dispón que os responsables das actividades de tratamento da Facenda pública poderán denegar o exercizo dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación cando obstaculicen o cumprimento de obrigas tributarias e, particularmente cando o afectado esté sendo obxecto dun procedemento de inspección.
Ademais, os datos tributarios están suxeitos ao réxime xurídico previsto na LXT, particularmente, os artigos 94 e 95.

Pola súa parte, a función estadística pública está rexida, ademais de pola normativa xeral de protección de datos, polas súas disposicións específicas, particularmente, a Lei 12/1989, reguladora da función estadística pública.

**Sétimo: O Rexistro de Actividades de Tratamento.**
A lexislación reitora da protección de datos persoais é aplicable a calquera tratamento que se realice sobre os mesmos, salvo determinadas excepcións. No novo modelo de protección de datos elimínanse as disposicións relativas á creación, modificación, supresión, notificación e inscripción de ficheiros na Axencia Española de Protección de Datos. Introdúcese, no seu lugar, a obriga do responsable dos datos de levar un rexistro de actividades de tratamento no que figurarán todos os requisitos enumerados no artigo 30 do RXPD.
O artigo 31 da LOPDGDD remítese ao RXPD para a determinación dos suxeitos obrigados a levar un rexistro de actividades de tratamento. Así, o Concello de Vigo, na súa consideración de responsable da protección de datos de carácter persoal, debe levar un rexistro das actividades de tratamento levadas a cabo no ámbito municipal.
É relevante ao respecto o Informe da AEPD 0453/2008, no que se afirma que o ficheiro é o soporte físico (xa sexa informático ou doutra natureza) que almacena os datos cun determinado criterio organizativo, en tanto que o tratamento é a operación que se realiza cos datos que se almacenan en dito soporte.

O artigo 30 da LOPDGDD esixe que calquera adición, modificación ou exclusión no contido do rexistro sexa comunicado ao delegado de protección de datos da entidade.
Pola súa parte, o artigo 31 do RXPD dispón que este rexistro de actividades de tratamento será facilitado a calquera autoridade de control (en España, a AEPD), cando fora solicitado.
Así mesmo, obriga a que os suxeitos enumerados no artigo 77.1 da mesma LOPDGDD (entre os que se atopan as entidades que integran a administración local) fagan público un inventario de actividades de tratamento accesible por medios electrónicos, no que constará a información establecida no artigo 30 do RXPD e a súa base legal. En idénticos termos se pronuncia o artigo 6 Bis da Lei de transparencia)

Polo que respecta ao contido mínimo do Rexistro de actividades de tratamento, deberán constar, como mínimo, as seguintes mencións, segundo o artigo 30 do RXPD:

a) o nome e os datos de contacto do responsable e, no seu caso, do coresponsable, do representante do responsable, e do delegado de Protección de datos
b) os fins do tratamento
c) Unha descrición das categorías de interesados e das categorías de datos persoais
d) As categorías de destinatarios aos que se comunicaron ou comunicarán os datos persoais, incluídos os destinatarios en terceiros países ou organizacións internacionais,
e) No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou unha organización internacional, incluída a identificación de dito terceiro país ou organización internacional, ou

no caso das transferencias indicadas no artigo 49, apartado 1, parágrafo segundo, a documentación de garantías adecuadas;
f) cando sexa posible, os prazos previstos para a supresión das diferentes categorías de datos,
g) Cando sexa posible, unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade a que se refire o artigo 32, apartado 1 do RXPD.

**Oitavo: Inclusión, modificación ou supresión de actividades de tratamento.**
O mantemento e conservación do rexistro de actividades de tratamento, así como a súa adecuación á realidade da xestión municipal é responsabilidade de cada servizo, sen prexuízo de que a modificación material do RAT se leve a cabo polo Servizo de administración electrónica. O procedemento para a creación, inclusión, modificación ou supresión de actividades de tratamento realizado por cada servizo aprobarase por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

**Noveno: Competencia.**
Corresponde á Xunta de Goberno local a competencia para "a adopción dos acordos municipais que se precisen en materia de protección de datos e administración electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Delegada á que correspondan ditas atribucións", de conformidade cos Decretos da Excma. Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019, modificados por resolucións do 17 e 21 de agosto de 2020, no contexto do réxime competencial establecido na lexislación básica sobre réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e normativa de concordante aplicación).

Vistos os antecedentes de feito e fundamentos de dereito expostos, **formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:**

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**1.** Aprobar a creación do Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Vigo.
**2.** Publicar na sede electrónica do Concello de Vigo o Inventario de actividades de tratamento, que deberá estar permanentemente á disposición da cidadanía e ser accesible por medios electrónicos.
**3.** Elaborar o procedemento para que os diferentes servizos do Concello incorporen ao Rexistro de actividades novas actividades de tratamento, ou modifiquen as existentes, sendo responsabilidade de cada servizo a creación e mantemento das súas propias actividades de tratamento.
**4.** Crear un novo tipo de expediente "REXATT" para tramitar as modificacións, adicións ou supresións das actividades de tratamento a través da Xestión de Expedientes Municipal, conforme ao procedemento aludido no punto 3.
**5.** Comunicar ao Delegado de protección de datos o contido da presente resolución.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(683).- RECTIFICACIÓN DE ERRO ACORDO XGL DO 13/05/2021, DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO E SERVIZO DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE NA CAMPAÑA DE NADAL 2021-2022. EXPTE. 5480/106.**

Visto o informe de fiscalización de data 29/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 27/07/2021, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Comercio, que di o seguinte:

Con data 13/05/2021 a Xunta de Goberno Local acordou:

"*PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga anual do contrato DE SUBMINISTROS E SERVIZOS DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NA CAMPAÑA DO NADAL 2021-2022 dende o 1/08/2021 ata o 31/07/2022 adxudicado a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 929.052,52 € (IVE incluido) a favor de ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A.con cargo á partida 4310 2279901 "PROGRAMA DE DECORACI*ÓN Y ANIMACIÓN NADAL*" con cargo ás seguintes anualidades orzamentarias:*

*–Ano 2021:*
*–ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 740.023,37 €. (79,65%)*
*–Importe contrato inicial:656.678,57 €*
*–Importe modificación: 83.344,80 €*
*–Ano 2022:*
*–ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 189,029,15 €.(20,35%)*
*–Importe contrato inicial:168.192,95 €*
*–Importe modificación: 20.836,20 €*"

Detectado **un erro de transcrición na partida presupostaria da financiación proposta** e, de conformidade co artigo 109 da Lei 39/2015, 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas, proponse rectificar o erro cometido. Así, onde di (...)"*con cargo á partida 4310 2279901 "PROGRAMA DE DECORACI*ÓN Y ANIMACIÓN NADAL***"** (...)" debe dicir **(...)** ***"con cargo á partida 4310 2279900 "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO DE NADAL" (...)".***

Polo anteriormente exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación **rectificar o acordo** de data 13/05/2021 debido a un erro de transcrición na partida presupostaria de financiación e onde di (...)"*con cargo á partida 4310 2279901"PROGRAMA DE DECORACI*ÓN Y ANIMACIÓN NADAL***"** (...)" debe dicir **(...)** ***"con cargo á partida 4310 2279900 "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO DE NADAL" (...)".***

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(684).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DO POSTO C11 DO MERCADO DO POGRESO. EXPTE. 7802/106.**
Visto o informe xurídico do 26/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/2021, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado de Comercio, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudicouse á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso, polo período de 25 anos, a contar dende a data do 1 de xullo de 2015.

2.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/07/2019 autorizouse a cesión da concesión de dominio do posto de carnicería C011 a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, NIF***9902>>, polo período de 23,5 anos a contar dende a data do 1 de xaneiro de 2017, rematando a mesma o 30 de xuño de 2040.

3.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 04/03/2021, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, CIF. ***6640>>, solicita autorización para o cambio de posto do C011 ao C06 e a cesión do posto vacante nº C07 a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, NIF ***9902>>.

4.- Achégase ao expediente declaración responsable de D. Javier Vaqueiro conforme se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cumpre o requisitos de capacidade para contratar e coñece e se compromete a cumprir coas condicións da concesión.

5.- Con data 29 de xuño de 2020 (data de entrada no Rexistro da Xerancia Municipal de Urbanismo), doc. 200115235 (exp. 104642/421), D. Javier Vaqueiro presenta comunicación previa de obras de adaptación dos locais C06 e C07.

6.- Durante a instrución do expediente realizáronse sendos trámites de audiencia a ambas partes sen que conste alegación ao respecto.

7.- Conforme se indica no informe xurídico de data 21 de abril de 2021 deberase aclarexar as discrepancias da superficie do posto.

8.- A tal fin polo exposto anteriormente a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, CIF. ***6640>> achega un escrito indicando que se fixo unha comprobación dos metros reais do posto C06 e C07 unidos, e a medición total é de 19,50 m.

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

–Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,

–Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

–Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no *"Mercado municipal do Progreso"* mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble. (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no *"Mercado municipal do Progreso"* mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble. (PPT).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Con respecto á autorización da cesión do posto solicitada pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, conforme aos pregos de prescricións aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no *"Mercado municipal do Progreso"* mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble, que constitúen a*"lex contractus"*, establecen o seguinte:

**A) Os Pregos de cláusulas administrativas particulares** se refiren ao presente suposto nas seguintes cláusulas:

- <u>Cláusula 4: Obxecto do contrato e códigos de clasificación</u>
***"*** *1.- O presente contrato ten por obxecto unha xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando iso a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a "supermercado" e "cafetería", así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente aos usuarios polo Con-*

*cello de Vigo e daqueles que, polo remate do plazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro (espazos da concesión ao adxudicatario do concerto).../.*

*(.../) o obxecto do contrato comprende a xestión das concesións de dominio que se lle adxudican, baixo os principios de eficacia na xestión do servizo público,* ***dos postos de venda do mercado que, por distintas razóns, resulten vacantes*** *e dos postos de venda de produtos do campo nos termos que se establecen no artigo 6 do PPTP e nas instrucións que se diten.(.../)".*

- Cláusula 7: Duración de concerto e das concesións de dominio

*"1. O prazo de contrato é de vinte e cinco (25) anos improrrogables, a contar dende o día primeiro ao mes seguinte á data da sinatura do contrato e dos documentos concesionais. (.../)".*

Data da sinatura 30 de xuño de 2015 e vixencia dende o 1 de xullo de 2015, rematando en consecuencia o 30 de xuño de 2040.

- Cláusula 26: Cesión e arrendamento dos espazos obxecto de concesión de dominio

*"1. Conforme se indica no Anexo VI do presente PCAP o contratista-adxudicatario, titular das concesións de dominio dos espazos citados ("supermercado", "cafetería" e* ***postos baleiros****), poderá proceder, previa autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), á cesión ou ao arrendamento de ditos espazos co exclusivo fin de que neles se presten as actividades mencionadas.../.*

*.../A cesión e o arrendamento non poderán ser outorgados por tempo superior o que medie entre a fecha do mesmo e a conclusión do prazo concesional. O cesionario ou arrendatario declarará expresamente no documento que formalice, que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en cuanto poidan afectarlle. En todo caso, o concesionario será responsable do establecido no contrato concesional.*

*2. A cesión dos postos baleiros do mercado implicará a obriga do cedente ou arrendador de aboar ó Concello de Vigo o importe dunha mensualidade do canon actual máximo resultante por cada ano ou fracción da concesión cedida. A cota mensual do posto obxecto de cesión10-03-2021 non poderá, en ningún caso, ser inferior á establecida para postos da mesma tipoloxía obxecto de concesión directa."*

**B) No artigo 6 do prego de prescricións técnicas** establecese o réxime dos postos de venda no Mercado vacantes adxudicados neste procedemento e dos que resulten no futuro sinalando que:

***"****1. O adxudicatario, de conformidade có establecido no PCAP, obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor dos mesmos. Tanto uns coma os outros poderá explotalos directamente ou ceder a terceiros a dita concesión, previa conformidade municipal, para a súa explotación por un período de tempo igual ó que reste ata o remate do concerto. Sen embargo, non poderá arrendalos máis que para usos temporais, que en ningún caso poderá exceder de tres meses.*

*2. A cesión a terceiros dos postos adxudicados neste procedementoe de aqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro , en iguais termos que os acordados para os adxudicatarios dos restantes postos, deberá ser autorizada, previa solicitude, polo Órgano de Contratación do Concello de Vigo, e determinará a obriga de satisfacer ó Concello de Vigo polo cedente o importe de unha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, que abarcará en todo caso ata a data de finalización do concerto.*

*3. Unha vez abonada a cantidade indicada no apartado anterior, formalizarase o contrato de cesión; este e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este senón dende o dito depósito. O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.*

*4. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogarase nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.*

*5. A cesión dos postos adxudicados neste proceso e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, suxeitarase ás seguintes condicións, que deberán constar expresamente na solicitude efectuada ao Concello de Vigo de cesión da concesión de dominio:*

- *Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial para a que se lle outorga a concesión no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.*
- *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do Concello de Vigo, previo informe do xestor do Mercado, e que se suxeitará ás seguintes condición.*

1. *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
2. *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
3. *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisible aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
4. *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*
5. *Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable).*

*6. As condicións indicadas no apartado anterior formarán parte igualmente do informe que o adxudicatario do concerto deberá efectuar ás solicitudes de cesión de dereitos polos comercian-*

*tes adxudicatarios dos postos; neste suposto, a cesión será polo tempo que reste ata o remate da concesión outorgada.*

*Manténdose as mesmas condicións do posto anterior e actualizado o canon ao importe de 208,20 €".*

**C)** Corresponde ao cedente, Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, a obriga de satisfacer ao Concello de Vigo o importe **4.451,51 €** derivado da suma das obrigas de pago:

** Importe de 4.022,42 €, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 208,20 € do posto C06 polo tempo que resta de 19,32 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 04/03/2021.*

** Importe de 5.065,89 € resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 262,21 € do posto C07 polo tempo que resta de 19,32 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 04/03/2021.*

** E descontado da suma total das obrigas de 9.088,31 €, o importe proporcional de 4.636,80 € (resultado de multiplicar 19,32 anos que restan da concesión por 240 € de canon ao mes pola mesma) ingresados no ano 2019 pola cesión do posto C011 (carta de pagamento nº recibo 197054543).*

**D)** Advertir que, unha vez abonada a cantidade anterior, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

**COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

En mérito ao que antecede, previo informe xurídico que se achega ao expediente, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

***"PRIMEIRO.-****Autorizar á D. Javier Vaqueiro Rodríguez, NIF ***9902>>, ao cambio do posto de carnicería C011 ao C06, ata a data de remate da mesma do 30 de xuño de 2040, mantendo as mesmas condicións de outorgamento acordadas pola Xunta de Goberno Local de data 26/06/2019, cun canon mensual para o presente ano de 208,20 €/mes, que se actualizará anualmente conforme ao IPC.*

***SEGUNDO.-*** *Autorizar as obras de adaptación dos postos C06 e C07 conforme ao proxecto presentado con data 29 de xuño de 2020 na Xerencia Municipal de Urbanismo (expte. 104642/421).*

***TERCEIRO.-*** *Autorizar á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e os pre-*

*gos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en data 07/02/2014, á cesión da concesión de dominio do posto de carnicería C07 a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, , DNI.- ***9902>>, ata a data de remate da mesma do 30 de xuño de 2040, suxeita ás seguintes condicións:*

*a) O canon mensual para o presente ano de 262,21 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC.*

*b) O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.*

*c) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*

*d) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.*

*e) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.*

*f) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*

- *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
- *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ao Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisible aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. “*

*g) As obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e requiren a previa presentación dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, isto sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e a súa costa.*

**CUARTO.-** Requirir á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, o pago de **4.451,51 €,** derivado da suma das obrigas de pago:

* Importe de 4.022,42 €, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 208,20 € do posto C06 polo tempo que resta de 19,32 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 04/03/2021.

* Importe de 5.065,89 € resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 262,21 € do posto C07 polo tempo que resta de 19,32 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 04/03/2021.

* E descontado á suma total das obrigas de 9.088,31 €, o importe proporcional de 4.636,80 €,

*(resultado de multiplicar 19,32 anos que restan da concesión por 240 € de canon ao mes pola mesma), ingresados no ano 2019 pola cesión do posto C011 (carta de pagamento nº recibo 197054543).*

**QUINTO.-** *Advertir que, unha vez abonada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.*

**SEXTO.-** *Notificar o presente acordo aos interesados, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso e a D. Javier Vaqueiro Rodríguez, a dvertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente."*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(685).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRAZA DA FEIRA". EXPTE. 706/441.**
Visto o informe de fiscalización do 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira"

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRAZA FEIRA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (151.842,02 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO CINCUENTA E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (151.842,02 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 26.352,75 €.*
*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.73 ("Human. Praza da Feira").*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | AVAN INTEGRAL S.L. | 88,15 |
| 2 | MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. | 87,94 |
| 3 | ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L. | 87,06 |
| 4 | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U. | 83,88 |
| 5 | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. | 80,12 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.9221.44), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares*”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L., o día 12 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 21 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVAN INTEGRAL S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVAN INTEGRAL S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 23 de xuño e 1 de xullo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *“Adxudicar a* AVAN INTEGRAL S.L.*, o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de ""Construción de beirarrúas na praza Feira” (706-441) coas*

*seguintes condicións por un prezo total de 124.024,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.524,91 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo**:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(686).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (ENTRE TRAVESÍA FOXOS E RÚA ENRIQUE LORENZO)". EXPTE. 760/441.**

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV", redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. M.ª Trinidad López Rodríguez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 277.685,95 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190085 "Human. Rúa G. Espino, 4º Fase", segundo a distribución de anualidades proposta:*

| | |
|---|---|
| *2021* | *1.600.000,00 €* |

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441) na seguinte orde descendente:*

| ***Orde*** | ***Licitadores*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *CIVIS GLOBAL, S.L.U.* | *95,41* |
| *2* | *CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)* | *93,01* |
| *3* | *MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.* | *84,74* |
| *4* | *NAROM, S.L.* | *83,75* |
| *5* | *OCISAT, S.L.* | *61,72* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, *CIVIS GLOBAL, S.L.U.*, o día 12 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 21 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar *CIVIS GLOBAL, S.L.U.*, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *CIVIS GLOBAL, S.L.U.*, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 22 de xuño e 1 de xullo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U.*, *o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 258.476,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 44.859,61 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo**:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(687).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ROSAL FLORIDO". EXPTE. 711/441.**

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (711-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ROSAL FLORIDO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA E UN MIL SETECENTOS TRES EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (61.703,43 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SESENTA E UN MIL SETECENTOS TRES EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (61.703,43 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 10.708,86 €. Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.79 ("Human. Rúa Rosal Florido").*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (711-441) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | AVAN INTEGRAL S.L. | 89,89 |
| 2 | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. | 85,79 |
| 3 | ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 78,28 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.9221.44), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L., o día 12 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 21 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVAN INTEGRAL S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVAN INTEGRAL S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 23 de xuño e 1 de xullo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a AVAN INTEGRAL*, S.L., *o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Rosal Florido" (711-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 54.983,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.542,66 euros.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(688).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA DURANTE AS CAMPAÑAS DE NADAL 2021-2022 E 2022-2023. EXPTE. 7788/106.**

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**a) Procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 13 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación mixta por procedemento aberto dunha Exposición Belenística durante as Campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 segundo as condicións aprobadas no referido Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 24/02/2021, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 13/04/2021.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 135.520 euros (o importe sen IVE é de 112.000 €; o IVE do 21% é de 23.520 euros); dos cales 56.078,18 euros corresponden á anualidade 2021 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL), 67.760,00 euros á anualidade 2022 e 11.681,82 euros á anualidade do 2023.*

*TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *AGRUPACION BELENISTA LA MORANA* | *79,5 puntos* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACION BELENISTA LA MORANA (G-49.180.904), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACION BELENISTA LA MORANA, o día 2 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 8 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** En data 21 de xullo completa o aval por canto o servizo de Contratación cometeu un erro material na notificación de requirimento de documentación.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xullo de 2021 acordou solicitarlle a subsanación da solvencia económica. Este acordo foille notificado o día seguinte e o 26 de xullo presentou a documentación requirida (modelo 347 de Axencia Tributaria).

**Sexto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AGRUPACION BELENISTA LA MORANA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AGRUPACION BELENISTA LA MORANA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 23 e 28 de xuño de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a AGRUPACION BELENISTA LA MORANA, o procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106)coas seguintes condicións por un prezo total de 135.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.520,00 euros e coas seguintes condicións:*

- *Incrementa a superficie de exposición del belén en 26 m2.*
- *Propón unha programación de actividades guiadas para grupos e/ou organizacións de carácter social con un tempo de duración de 50 horas.*
- *Comprometese a incorporar 10 unidades de elementos ornamentais que representen figuras locais.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(689).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS SUPERESTRUTURAS DE SALVAMENTO EN ALTURA PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS (LOTE 2). EXPTE. 6358/213.**

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**e) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lote 2)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación ddo mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o servizo de mantemento preventivo e correctivo das superestruturas de salvamento en altura para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de marzo de 2021.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 26 de marzo de 2021.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 408.887,13 euros, do que 70.963,88€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602140000 " Mantemento camión autoescaleira" do presuposto municipal de acordo cá seguinte distribución por anualidades con IVE.*

*Ano 2021: 90.357,39€.*
*Ano 2022: 75.700,61€.*
*Ano 2023: 76.028,48€.*
*Ano 2024: 75.156,38€.*
*Ano 2025: 91.644,27€.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento a TALLERES SERCOIN, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para consideral a xustificada consonte o informe asinado o 28 de xuño de 2021 polo xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 2 deste procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | ITURRI, S.A. | 100 puntos |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (A-41.050.113), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación que deseguido se relaciona por ter presentado xa o licitador documentación para os lotes 1 e 3 (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
    - A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.B e na cláusula 9 das FEC.
    - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A. , o día 12 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 22 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 11 e 28 de xuño de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"1º.- Tomar razón da exclusión deste procedemento de TALLERES SERCOIN, S.L., acordada por resolución da Concelleira delegada de Contratación de 9 de xullo de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 28 de xuño de 2021 polo xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios.*
>
> *2º.- Adxudicar a* ITURRI, S.A., *o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestruturas dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) coas seguintes condicións por un prezo total de 144.693,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.112,07 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(690).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO NO ACORDO DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ANO 2021. EXPTE. 17987/77.**

Visto o informe xurídico do 30/07/2021 e o informe de fiscalización do 02/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2021, asinado pola técnico de xestión do servizo (Instrución do concelleiro delegado de Cultura e Emprego de 27/07/21) , polo concelleiro delegado de Emprego e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021
- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, probadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/03/2021

**ANTECEDENTES**

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 18/03/2021, aprobáronse as "Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro. Exdte. 17987/77".

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 59, do 29 de marzo de 2021, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 63 de data 3 abril, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (7/04/2021 ao 20/04/2021, da que resultou a presentación de oitenta (80) solicitudes.

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen u financiamento da mesma por unha contía total para o vixente exercicio presupostario (2021)

de  1.140.000,00 € (un millón de euros cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, distribuídos en cinco programas:

**1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil)** que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”**: **330.000,00 € (dous centos mil euros),** que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 20.000,00 € (cen mil euros)** que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

**4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros),** que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros),** que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

**6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 200.000,00 € (douscentos cinco mil euros)**, que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.
A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

II. O concelleiro delegado de Cultura e Emprego, con data 27/05/2021 conforme ao establecido na cláusula décimo segunda, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

| | | |
|---|---|---|
| Vogal 1 | Carla Candia Paz | Xefa do servizo<br>(Resolución de 23/10/2019) |
| Vogal 2 | Rosa María Otero Malvárez | Técnica de xestión |
| Suplente 1 | Elisa Casal Prieto | Técnica de emprego |
| Suplente 2 | Sonia Mª Martínez Alonso | Técnica de emprego |

III. A Comisión de Valoración procedeu á avaliación das solicitudes e dos supostos de desestimación, a distribución das axuda, do cal queda constancia, na acta incorporada ao expediente de data 28/05/2021

IV. Non obstante o anterior, se advertiron varios erros na documentación obrante no expediente, á vista do cal, con data 29/06/2021, se procede á corrección da Acta da Comisión de Valoración, Anexos I e II e Informe proposta.

V. Con data 8/07/2021, previos os informes de Intervención e servizo de Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local, aprobou o seguinte ACORDO:

**“PRIMEIRO**: **DESESTIMAR**, conforme ao art. 21.4 da LSG, ás (2) dúas solicitudes de subvención que se relacionan, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en particular, polas causas indicadas:

| Nº EXPTE. | CIF | INTERESADO/A | MOTIVO DESESTIMACIÓN | FUNDAMENTO XURÍDICO |
|---|---|---|---|---|
| 18186/77 | G36614774 | ASOC. INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA (ASIME) | TER CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA NOMINATIVA PARA FORMALIZACIÓN DE CONVENIO DE FOMENTO DO EMPREGO | BASE 2.9 e 11.2 |
| 18189/77 | ****8116S | ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ (ASOC. TRANSTORNO ESPECTRO ARTISTA DE VIGO “TEAVI”) | NON SUBSANAR A DOCUMENTACIÓN CONFORME AO REQUIRIMENTO FORMULADO (saída 22889-2021-1, recibida o 10/05/21) | BASE 2.8, 9 e 11.2 |
| 18201/77 | G27873975 | ASOC. DE PROFESIONALES AMATEURS DEL STREETDANCE DE GALICIA AOSGA | NON ACREDITAR ESTAR AO CORRENTE DE OBRIGAS TRIBUTARIAS | BASE 2.6, e 11.2 |

**SEGUNDO: ACEPTAR** o desistimento das solicitudes de subvención, e declarar conclusos os procedementos correspondentes iniciados que se relacionan de seguido, a teor do disposto nos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común:

| Nº EXPTE. | NIF | INTERESADO/A | N.º Documento | Data Rexistro |
|---|---|---|---|---|
| 18119/77 | 76369**** | JACINTO J. FERNÁNDEZ | 210056466 | 8/04/2021 |

**TERCEIRO: CONCEDER,** de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de 880.816,72 € (oitocentos oitenta mil oitocentos dezaseis euros con setenta e dous céntimos):

a) Programa I "Entidades veciñais e culturais"

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLUCIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| G36649325 | 18109/77 | ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO | **8.451,70 €** | **8.451,70 €** | **100,00%** |
| G36842284 | 18110/77 | ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA | **5.716,91 €** | **5.716,91 €** | **100,00%** |
| G36648988 | 18112/77 | A.VV. SAN XURXO SAIÁNS | **8.743,71 €** | **8.743,71 €** | **100,00%** |
| G36729796 | 18113/77 | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL | **2.216,76 €** | **2.216,76 €** | **100,00%** |
| G36620854 | 18124/77 | SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA | **18.324,65 €** | **18.324,65 €** | **100,00%** |
| G36654036 | 18126/77 | ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION | **4.127,74 €** | **4.127,74 €** | **100,00%** |
| G36645885 | 18127/77 | ASOCIACIÓN VECIÑAL CASCO VELLO | **4.430,94 €** | **4.430,94 €** | **100,00%** |
| G36972024 | 18133/77 | ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA SAN GREGORIO | **2.229,41 €** | **2.229,41 €** | **100,00%** |
| G27771195 | 18142/77 | ASOCIACIÓN DE VECINOS DE NOVO VIGO | **3.394,27 €** | **3.394,27 €** | **100,00%** |
| G36614097 | 18158/77 | CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO | **24.043,50 €** | **24.043,50 €** | **100,00%** |
| G36704666 | 18162/77 | FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO | **4.480,13 €** | **4.480,13 €** | **100,00%** |
| G36632081 | 18168/77 | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCUCSCR | **5.036,10 €** | **5.036,10 €** | **100,00%** |
| G36651073 | 18187/77 | ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL | **6.960,01 €** | **6.960,01 €** | **100,00%** |
| G36617082 | 18194/77 | ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES | **13.239,62 €** | **13.239,62 €** | **100,00** |

b) Programas II "Entidades sociais e asistenciais"

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLUCIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| G27862341 | 18099/77 | ASOC. SOCIO CULT. RECR.DEP.TURÍST. TECNOLX. DE GALICIA (ASOCGA) | **11.074,03 €** | **11.074,03 €** | **100,00%** |
| G27802818 | 18103/77 | ASOC. PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA | **4.330,98 €** | **4.330,98 €** | **100,00%** |
| G32115941 | 18105/77 | CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE | **6.392,24 €** | **6.392,24 €** | **100,00%** |
| G80468416 | 18106/77 | FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN | **7.296,03 €** | **7.296,03 €** | **100,00%** |
| G36884864 | 18108/77 | ASOC. CULTURAL XARABAL | **5.452,58 €** | **5.452,58 €** | **100,00%** |
| G36685964 | 18115/77 | FUNDACIÓN MENELA | **14.999,94 €** | **14.999,94 €** | **100,00%** |
| G82453606 | 18117/77 | FUNDACIÓN ALDABA | **19.181,78 €** | **19.181,78 €** | **100,00%** |
| G36817385 | 18118/77 | ESCOLA DE TEMPO LIBRE XARUMA | **12.544,99 €** | **12.544,99 €** | **100,00%** |
| R3600336F | 18120/77 | HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL | **9.120,24 €** | **9.120,24 €** | **100,00%** |
| G27746486 | 18121/77 | ASOCIACIÓN XARUMA | **11.874,61 €** | **11.874,61 €** | **100,00%** |
| G36861078 | 18125/77 | FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN | **7.775,07 €** | **7.775,07 €** | **100,00%** |
| G36892271 | 18137/77 | ASOC. CULTURAL INTERFOLC | **4.872,00 €** | **4.872,00 €** | **100,00%** |
| G36620037 | 18144/77 | FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA | **5.770,15 €** | **5.770,15 €** | **100,00%** |
| G27877703 | 18145/77 | ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS | **10.595,92 €** | **10.595,92 €** | **100,00%** |
| G36873511 | 18147/77 | ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO | **23.563,09 €** | **23.563,09 €** | **100,00%** |
| G27867076 | 18148/77 | ASOC. THE WILD | **7.945,75 €** | **7.945,75 €** | **100,00%** |

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLU-CIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| G67116756 | 18149/77 | FUNDACIÓN SANTA CRUZ | 4.742,55 € | 4.742,55 € | 100,00% |
| G36697324 | 18150/77 | DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN | 15.468,48 € | 15.468,48 € | 100,00% |
| G36622835 | 18151/77 | ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO | 2.897,40 € | 2.897,40 € | 100,00% |
| G24452435 | 18157/77 | FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR | 3.652,27 € | 3.652,27 € | 100,00% |
| G27745397 | 18163/77 | FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARIS-QUEO | 8.279,65 € | 8.279,65 € | 100,00% |
| G36688422 | 18164/77 | ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO | 4.499,11 € | 4.499,11 € | 100,00% |
| G15849318 | 18166/77 | FUNDACIÓN CIP | 14.256,54 € | 14.256,54 € | 100,00% |
| G27727593 | 18169/77 | ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDE-GAL) | 6.074,09 € | 6.074,09 € | 100,00% |
| G36044295 | 18173/77 | ASOCIACIÓN DOA SAUDE MENTAL | 11.385,71 € | 11.385,71 € | 100,00% |
| G27873967 | 18181/77 | ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMA-TEURS DEL RUNNING DE GALICIA | 5.978,85 € | 5.978,85 € | 100,00% |
| G36624120 | 18184/77 | APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PER-SOAS CON PARÁLISE CEREBRAL | 13.962,78 € | 13.962,78 € | 100,00% |
| G94084456 | 18188/77 | ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE | 10.603,00 € | 10.603,00 € | 100,00% |
| G36835403 | 18191/77 | ASOC. DE BULIMICOS Y ANOREXICOS DE PONTEVEDRA | 14.507,83 € | 14.507,83 € | 100,00% |
| G36639110 | 18192/77 | ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA UNIÓN MU-SICAL DE VALLADARES | 11.006,82 € | 11.006,82 € | 100,00% |
| G20486825 | 18193/77 | EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL | 15.020,69 € | 15.020,69 € | 100,00% |
| G15500853 | 18196/77 | ASOCIACIÓN DIGNIDAD GALICIA | 5.653,79 € | 5.653,79 € | 100,00% |
| G36837433 | 18197/77 | ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA | 10.769,38 € | 10.769,38 € | 100,00% |
| G36627453 | 18198/77 | ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL | 3.686,74 € | 3.686,74 € | 100,00% |
| G27712306 | 18199/77 | ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO | 11.363,54 € | 11.363,54 € | 100,00% |

c) Programa IV: “Entidades empresariais”

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLU-CIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| G36732295 | 18096/77 | ASOCIACIÓN COMERCIANTES MERCADO DE TEIS | 8.126,34 € | 8.126,34 € | 100,00% |
| G02948974 | 18097/77 | ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELE-ROS VIGO CENTRO | 18.295,37 € | 18.295,37 € | 100,00% |
| G36664217 | 18098/77 | ASOCIACIÓN COMERCIANTES DE TEIS | 13.899,15 € | 13.899,15 € | 100,00% |
| G27807205 | 18102/77 | ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELE-ROS ZONA NÁUTICO | 29.575,04 € | 29.575,04 € | 100,00% |
| G36847861 | 18107/77 | ASOC. EMPR. IND. Y COMERC. ZONA TRAVIE-SAS (AETRAVI) | 7.133,27 € | 7.133,27 € | 100,00% |
| G27826999 | 18122/77 | ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA | 4.480,13 € | 4.480,13 € | 100,00% |
| G94017829 | 18123/77 | ASOC. CLUSTER GALLEGA GEOTERMIA ACLUGEGA | 10.728,60 € | 10.728,60 € | 100,00% |
| G36627719 | 18128/77 | ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE TRANSPOR-TES DISCRECIONALES DE MERCANCIAS | 19.713,18 € | 19.713,18 € | 100,00% |
| G36614725 | 18132/77 | ASOC. AUTÓNOMA PROVINCIAL DE EMPRE-SARIOS | 9.187,33 € | 9.187,33 € | 100,00% |
| G36640845 | 18153/77 | ASOC. DE EMPRESARIOS DE ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES DE PONTEVEDRA | 6.494,28 € | 6.494,28 € | 100,00% |
| G36801876 | 18160/77 | ASOC. DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD | 9.605,67 € | 9.605,67 € | 100,00% |
| G36661536 | 18170/77 | ASOC. DE COMERCIANTES DEL CALVARIO | 7.429,90 € | 7.429,90 € | 100,00% |
| G27767656 | 18171/77 | ASOC. DE COMERCIANTES DEL PAU DE NA- | 5.330,59 € | 5.330,59 € | 100,00% |

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLUCIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | VIA | | | |
| G36708311 | 18179/77 | ASOC. EMPRESARIOS MERCADO DO BERBÉS | **5.793,84 €** | **5.793,84 €** | **100,00%** |
| G36712701 | 18180/77 | ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE LAS TRAVIESAS | **5.504,72 €** | **5.504,72 €** | **100,00%** |

- Programa V : “Comunidades de Montes” :

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLUCIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| V36840726 | 18116/77 | MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO | **145.000,00 €** | **145.000,00 €** | **100,00%** |

e) Programa VI: “Entidades deportivas”:

| CIF | Nº Expdte. | NOME ENTIDADE | TOTAL SOLICITUDE | TOTAL RESOLUCIÓN | % AXUDA |
|---|---|---|---|---|---|
| G36869873 | 18130/77 | CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO | **13.048,61 €** | **13.048,61 €** | **100,00%** |
| G36810075 | 18131/77 | UNIÓN BALONMÁN LAVADORES | **11.421,76 €** | **11.421,76 €** | **100,00%** |
| G36763084 | 18135/77 | CLUB SAN ROQUE CASABLANCA | **11.886,22 €** | **11.886,22 €** | **100,00%** |
| G36649283 | 18154/77 | CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA | **5.618,27 €** | **5.618,27 €** | **100,00%** |
| G36904530 | 18167/77 | CLUB DEPORTIVO DO C.S.C.R. DE BEADE | **4.547,10 €** | **4.547,10 €** | **100,00%** |
| G36737724 | 18172/77 | BALAÍDOS C.F. | **12.305,76 €** | **12.305,76 €** | **100,00%** |
| G36874832 | 18178/77 | CLUB RÁPIDO DE PEREIRO F.C. | **5.954,92 €** | **5.954,92 €** | **100,00%** |
| G36657450 | 18185/77 | AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP | **15.197,18 €** | **15.197,18 €** | **100,00%** |
| G36753911 | 18190/77 | CLUB DEPORTIVO COIA | **22.634,21 €** | **22.634,21 €** | **100,00%** |
| G36713493 | 18195/77 | CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS | **1.843,82 €** | **1.843,82 €** | **100,00%** |
| G36796258 | 18200/77 | CLUBE CICLISTA VALLADARES | **19.548,62 €** | **19.548,62 €** | **100,00%** |

...”

VI. Polo servizo de Intervención, se detectou un erro na suma total do importe das axudas concedidas que se indica no apartado 3º do acordo, xa que, no canto de “880.816,72 € (oitocentos oitenta mil oitocentos dezaseis euros con setenta e dous céntimos), debera dicir “878.297,95 € (oitocentos setenta e oito mil douscentos dezaseis euros con noventa e cinco céntimos)”.

Polas consideracións expostas debe procederse á corrección do devandito erro aritmético.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que, debe proceder á corrección do erro aritmético na suma do importe das axudas concedidas, sen que a dita corrección comporte interpretación, cualificación xurídica ou xuízo de valor, sendo susceptible de constatación pola simple evidencia.

Á vista das consideracións expostas e a teor do establecido nas bases reguladoras da subvención, do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe da Asesoría

Xurídica e do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro delegado de Cultura e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

*1.- Rectificación do erro aritmético existente no primeiro parágrafo do Apartado 3º do Acordo de Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2021, polo que se aprobou o "OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANO 2021,* de xeito que, onde di:

**"CONCEDER,** de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario, por importe de 880.816,72 € (oitocentos oitenta mil oitocentos dezaseis euros con setenta e dous céntimos):

Deberá dicir:

**"CONCEDER,** de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario, por importe de 878.297,95 € (oitocentos setenta e oito mil douscentos noventa e sete euros con noventa e cinco céntimos"

Este acordo será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(691).- BASES REGULADORAS, CONVOCATORIA E EXTRACTO DE SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2021. EXPTE. 8807/335**

Visto o informe xurídico do 27/07/2021 e o informe de fiscalización do 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/2021, asinado pola xefe do Servizo de Festas, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**INFORME.**

Con data 2 de xullo o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas (por resolución de delegación de competencias municipais de data 17/08/2020) resolveu que se iniciase o expediente para a Convocatoria, Bases reguladoras e Extracto de Subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o ano 2021.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais e gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 130.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2020 ata o 31 de outubro do presente ano 2021. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2021 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactáronse polo servizo de Festas a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido en: Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2);1.3) e 1.4) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas tradicionais e patronais 8.000 €; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 5.000 €, Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 € e Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos 4.000 €.

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 2.1) e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 130.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2): 1.3) e 1.4) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a concede/ a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos).

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

En data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia, o 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar esta crise. Posteriormente, o Real Decreto-lei 8/2020 establece medidas para facer fronte o impacto económico e social da crise no estado español. Este último é complementado e modificado polo Real Decreto-lei 11/2020. Á vista da evolución das circunstancias, foron adoptándose novas medidas preventivas pola autoridade sanitaria, se ben , a vista da evolución epidemolóxica en data 25 de outubro de 2020, o Boletín Oficial do Estado publicou o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que novamente declarouse o estado de

alamar para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2 e que foi prorrogado ata o 9 de maio de 2021.

Rematado o estado de alarma no Diario Oficial de Galicia núm. 99 bis, do venres 28 maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cuali f icadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, e a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia cuxa eficacia foi prorrogada por ORDE do 10 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do 26 de xuño de 2021.

Concretamente a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia con efectos ata o día 12 de xuño de 2021 (e sucesivas prorrogas).

“3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sepre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II, o límite máximo poderá chegas ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas, se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.

(...)

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal”.

Atendendo á situación actual e coa fin de garantir un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades e no marco das medidas preventivas estabelecidas pola autoridade sanitaria, procédese a dar continuidade á tramitación do expediente de Concesión de subvencións para festas tradicionais, patronais

e gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto de Subvencións para Festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2020 e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da concelleira da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

**PROPOSTA.**

**“Primeiro.-** Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2021.

**Segundo.-** Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 130.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro desta convocatoria.”

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES REGULADORAS**

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

–Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

–Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito sociocultural.

–Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.

–Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

Terceira: CONVOCATORIA

-  Con carácter anual, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.
-  A convocatoria establecerá como mínimo:
    - Obxecto.
    - Partida económica e créditos máximos adicados.
    - Procedemento de concesión.
    - Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.
    - Requisitos dos solicitantes.
    - Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOPPO.
    - Lugar onde se poden obter as bases e formularios.
    - Ámbito temporal dos programas e gastos a subvencionar.

Cuarta.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar subvención, segundo o programa a subvencionar recollido da convocatoria anual, as entidades xurídica sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.

2.- Que a actividade sociocultural se celebre dentro do término municipal de Vigo

3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos estabelecidos nas presentes bases.

4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

5.-Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.

7.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

Quinta: SOLICITUDES.

1.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o

emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login. A instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I,1 e Anexo I.2).

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web (www.vigo.org).

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 15 días hábiles, a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, en cumprimento do estabelecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto a subvencionar.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporarase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

7.- Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Séxta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Para todos os solicitantes:

a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.

b.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

c.- Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

6.2. Para as entidades que opten á liña de subvención 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos:(1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano; 1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual),1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias) e 1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos.

Ademais da documentación recollida no punto 6.1. terá que presentar cumprimentados os Anexo I, Anexo I.1. Anexo II e Anexo III e un programa con todas as actividades a desenvolver na festa.

6.3. Para as entidades que opten á liña de subvención 2 Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:(2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura e 2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias)

O número máximo de programas a presentar será de 1 programa.

Ademais da documentación recollida no punto 6.1 e o Anexo I.2. terá que presentar cumprimentado o seguinte:

6.3.a)Anexo II.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

6.3.b) No caso de publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

a) Non ter carácter de boletín interno da asociación.
b) Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
c) Dispoñer de depósito legal.
d) Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Participación Cidadá e Festas
e) Depositar gratuitamente tres exemplares na Concellaría de Participación Cidadá e Festas no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
f) Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarase, xunto ao proxecto, un exemplar dela.

6.3.c)- No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

6.3.d)- A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 68 da Lei 39/2015.

6.3.e).- O orzamento da actividade (Anexo III).

Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.- Unha vez presentadas as solicitudes os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse aquelas cuxos proxectos :

a).- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

b).- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c).- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

d).- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

e).- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

f).- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

g).- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente estabelecida na convocatoria anual (30 puntos), xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

7.2.- Tamén se desestimarán as solicitudes que:

a).- Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

b).- A falta de xustificación en tempo e forma dalgunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2020.

c) Aquelas que non presenten o proxecto específico.

d).- Aquelas entidades que soliciten axudas para actividades non recollidas na cláusula novena da convocatoria (liñas de subvencións. Conceptos subvencionabels).

e).- Aquelas entidades que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

f).- Aquelas entidades que teñan previsto a realización das actividades obxecto de subvención fóra do término municipal de Vigo.

g).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Oitava: LIÑAS DE SUBVENCIÓNS. CONCEPTOS A SUBVENCIONAR

**1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.**

**2.- Actividades socioculturais e actividades relacionadas coas artes escénicas.**

CONCEPTOS A SUBVENCIONAR EN CADA UNHA DAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

**1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.** (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

**1.1.- Festas de especial interese no ámbito urbano.** (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

**Asignación fixa de 8.000 € para aquelas festas celebradas no ámbito urbano con unha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto de superior a 40.000 €.**

**1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).**(O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

Asignación fixa de **5.000 €** por festa patronal incluída no calendario festivo anual, cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 25.000 €.

**1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.** (O número máximo de programas a presentar a este concepto a subvencionar será de 1 programa).

Asignación fixa de **4.000 €** por festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

**1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos. (**O número máximo de programas a presentar será de 1 programa). Asignación fixa de **4.000 €** por festival internacional folclórico que teña unha antigüidade de máis de 25 anos.

No referente a contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.

En canto ao ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende **o 1 de novembro de 2020 ata o 31 de outubro do presente ano 2021. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2021 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2022.**

**2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.**

**2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura:** O nº máximo de programas a presentar a este concepto será de 1 programa)

**Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.**

**Límite mínimo de puntos: 30**

**2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias:** O número máximo de programas a presentar a este concepto será de 1 programa).

**Contía máxima a subvencionar é do 75% do presuposto.**

Límite mínimo de puntos: 30

Novena: CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na línea de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un máximo de 100 puntos:

1. CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE: Ata 40 puntos.

1.A): Traxectoria e antigüidade da entidade: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos relativos a antiguidade sinalados pola entidade na súa declaración responsabel (Anexo I.2), (7.1) e trasladados a táboa de puntuación.

| Traxectoria e antigüidade da entidade | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **De 0 a 3 anos** | **De 4 a 10 anos** | **De 11 a 20 anos** | **De 21 a 35 anos** | **De 36 a 60 anos** | **Maís de 61 anos** |
| 0 puntos | 2 puntos | 4 puntos | 6 puntos | 8 puntos | 10 puntos |

1.B): Masa social e representatividade: ata 20 puntos.

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade; e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.

Puntuación valorada sobre a información aportada pola entidade sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2020, recollida nos anexos I.2 (7.2) ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo a poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios, e trasladada á táboa de puntuación.

| Masa social e representatividade | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Menos do 6%** | **Do 6% ó 10%** | **Do 11% ó 15%** | **Do 16% ó 20%** | **Do 21% ó 25%** | **Do 26% ó 30%** | **Do 31% ó 35%** | **Do 36% ó 40%** | **Do 41% ó 50%** | **Mais do 50%** |
| 2 puntos | 4 puntos | 6 puntos | 8 puntos | 10 puntos | 12 puntos | 14 puntos | 16 puntos | 18 puntos | 20 puntos |

1.C): Ámbito xeográfico da entidade e pobaoación destinataria: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos do ámbito de intervención da entidade e alcance social sinalados pola entidade no Anexo 1.2, (7.3) e trasladados a táboa de puntuación.

| Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Barrio** | **Parroquia** | **Distrito** | **Municipal** | ***Comarcal** |
| 2 puntos | 4 puntos | 6 puntos | 8 puntos | 10 puntos |

* Para este ambito xeografico terá que aportar xustificación da representación fora do municipio.

2.- CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DE CADA PROGRAMA OU PROXECTO: Ata 60 puntos.

2 A): Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

2 A) 1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa : Valórase ata 20 puntos a aqueles proxectos de interese sociocultural cun contido que complemente ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas.

2 A) 2.- Innovación: Valórase ata 5 puntos aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

2 A) 3.- Duración e consolidación: Valórase ata 5 puntos ás propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose ininterrompidamente dende anos.

2 A) 4.- Temporización: Valóranse ata 10 puntos aqueles programas que conleven un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

2 A) 5.- Recursos humanos e materiais: Valorarase ata 10 puntos aqueles proxectos que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade.

2.B): Viabilidade técnico-económica e financieira do proxecto: ata 10 puntos.

2 B)1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos. O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do proxecto, segundo consta no orzamento aportado no anexo III das bases.

| Viabilidade técnico-económica e financieira do proxecto | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Importe subvencio-nado 0% ó 10% | Importe subven-cionado 11% ó 20% | Importe subvencio-nado 21% ó 30% | Importe subvencio-nado 31% ó 40% | Importe subvencio-nado 41% ó 50% | Importe subven-cionado 51% ó 60% | Importe subven-cionado 61% ó 70% | Importe su-bvenciona-do 71% ó 75% | Importe su-bvenciona-do 76% ou máis |
| 10 puntos | 8 puntos | 6 puntos | 5 puntos | 4 puntos | 3 puntos | 2 puntos | 1 puntos | 0 puntos |

Os datos para obter as puntuacións nas táboas 1A), 1B), 1C) e 2B) son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Décima.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos subvencionables 1.1); 1.2) , 1.3) e 1.4) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese no ámbito urbano 8.000 €; Festas Patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual) 5.000 €, Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 € e Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos 4.000 €

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos subvencionables 1.1), 1.2), 1.3) e 1.4) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionables 2.1) e 2.2) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 130.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables 1.1); 1.2), 1.3) e 1.4) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionable será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos)

Décimo primeira:-INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

2.- Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Festas que actuará como presidenta, e un/unha vogal designado/a entre o persoal técnico do Concello e un administrativo que fará as funcións de Secretario/a.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 paragrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base oitava e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base novena.

5.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/as interesados/as os avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.

A resolución notificarase electrónicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Concello de Vigo

Así mesmo en calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC

Décimo segunda- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Festas estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

g) En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisiones de festas: As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisiones de festas requerirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.
Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licencia á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.

h) Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren durante o tempo que medie a situación de declaración de emerxencia sanitaria deberá adoptar as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que adopte a autoridade sanitaria (Orde do 28 de maio 2021 pola que se establecen as medidas preventivas específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia con efectos ata o día 12 de xuño e sucesivas prórrogas).

I) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

f) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

Décimo terceira.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Décimo cuarta.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2021, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 1 de novembro de 2021 terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: A tal efecto deberá achegar electrónicamente unha conta xustificativa coa seguinte documentación.

a) Solicitude de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO IV), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.

- Memoria de prensa.
- A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluirá o seguinte:

- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
    - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
    - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
    - Facturas electrónicas. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
    - De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo quinta- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Festas. A xefa do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo sexta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sétima.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Cando ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

5.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo oitava.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Décimo novena.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos estabelecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións estabelecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obligacións de publicidade.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos términos regulamentariamente estabelecidos.

Vixésima -SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Vixésima primeira .- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, convocatoria e extracto, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personáis e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Festas.

Vixésimo segunda- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS, a lexislación básica

do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto

887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais,e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo segunda.- DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

**12(692).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2020/2021. EXPTE. 10806/224.**

Visto o informe de fiscalización de data 30/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 13/07/2021, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, pola xefa do Servizo de Igualdade, pola asesora xurídica de Igualdade, pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 21.05.2021 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 27.05.2021 e 01.06.2021, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 02 de xuño e rematou o 15 de xuño de 2021.

Conforme establece a Base Décima, as solicitudes e documentación debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A mesma Base Décima establece o prazo de presentación solicitudes: 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 77 solicitudes en forma e prazo.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas.

Toda vez que as bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 1.500 € (apartado 3 da Base Oitava), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV). (Conforme o apartado 4 da Base 5ª).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por Dª Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade, que actuou como presidenta, Dª Mar Soto García, axente de Igualdade e Dª Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 2 de xullo de 2021 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria.
Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas así como a proposta denegatoria para dúas solicitudes que non contan cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada de referencia e non contan con ningunha licenza feminina de deporte adaptado. (Apartado 1.e da Base 5ª). Son as seguintes: "Trasnos Béisbol Club", con CIF G27750645 e "Club de Loita Ciudad de Vigo", con CIF G36955585.
En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, manifestase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa por non cumprir o requisito de contar cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2020/2021 ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, de acordo co apartado 1.e da Base Quinta:

- "Trasnos Béisbol Club", con CIF G27750645.
- "Club de Loita Ciudad de Vigo", con CIF G36955585.

2º.- Conceder, con cargo á partida *"Promoción da igualdade e do deporte feminino"* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do "Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2020/2021", por un importe total de corenta e catro mil novecentos e noventa e nove euros con dezaseis céntimos (44.999,16 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades e a contía das axudas concedidas.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicción de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta

de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses."

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**Anexo I SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN O DEPORTE FEMININO. ANO 2021**

**RELACIÓN DE ENTIDADES E CONTÍAS DAS AXUDAS SOLICITUDAS E CONCEDIDAS.**

| CIF | ENTIDADE SOLICITANTE: | DEPORTE | TIPO DEPORTE | Contía solicitada | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G27830975 | Club de Taekwondo Kae Sport | Taekwondo | B | 1.500,00 € | 7,5 | **388,60 €** |
| G36897437 | Grupo de Montaña Alud | Montañismo | B | 1.000,00 € | 5,5 | **284,97 €** |
| G27713759 | Club Deportivo Padel Femenino Cíes | Pádel | B | 1.000,00 € | 10 | **518,13 €** |
| G36630192 | Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia | Montañismo | B | 1.000,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G36982296 | C D Establos Vigo | Hípica | B | 1.500,00 € | 8,5 | **440,41 €** |
| G36642247 | Espeleo Club Aradelas de Vigo | Espeleoloxía | B | 350,00 € | 5,5 | **284,97 €** |
| G27810761 | Club Deportivo Seungsport | Taekwondo | B | 1.500,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G27782168 | GMTA & Chuvoners | Montañismo | B | 800,00 € | 7,5 | **388,60 €** |
| G27737477 | C A R Marisqueiro | Montañismo | B | 600,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G27749837 | As Sport Vigo | Taekwondo | B | 1.500,00 € | 7,5 | **388,60 €** |
| G27853951 | Club Deportivo Vigopádel | Pádel | B | 1.500,00 € | 7,5 | **388,60 €** |
| G36827418 | Club Badminton Cíes | Bádminton | B | 500,00 € | 6 | **310,88 €** |
| G36850014 | Prado Surf Clube | Surf | B | 1.500,00 € | 9 | **466,31 €** |
| G36629317 | Club Deportivo Bosco | Baloncesto | A | 1.500,00 € | 23 | **1.191,69 €** |
| G36571123 | Club Vieja Escuela Roller Blue Ringed | Hockey en liña | A | 480,00 € | 11 | **480,00 €** |
| G36827079 | Club Natación Rias Baixas | Natación | A | 1.500,00 € | 14 | **725,38 €** |
| G36710416 | Independiente Fútbol Club | Fútbol | A | 433,22 € | 7 | **362,69 €** |
| G36757623 | Club Halterofilia Vigo | Halterofilia | A | 1.500,00 € | 10 | **518,13 €** |
| G36615607 | Sárdoma CF | Fútbol | A | 1.500,00 € | 11 | **569,94 €** |

Concello de Vigo

| CIF | ENTIDADE SOLICITANTE: | DEPORTE | TIPO DEPORTE | Contía solicitada | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G36869873 | Club de Esgrima de Vigo El Olivo | Esgrima | A | 1.500,00 € | 9 | **466,31 €** |
| G36684819 | Club Maniotas | Ximnasia rítmica | A | 1.500,00 € | 22 | **1.139,88 €** |
| G27865831 | Club Patinaxe Artística Coruxo | Patinaxe artística | A | 1.500,00 € | 12 | **621,75 €** |
| G36765733 | Club Patinaxe Artística Valladares Vigo | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 16 | **829,00 €** |
| G36649408 | Club Deportivo Colexio Mariano | Baloncesto | A | 420,00 € | 13 | **420,00 €** |
| G27747864 | Club Deportivo Black Volei Vigo | Voleibol | A | 900,00 € | 14 | **725,38 €** |
| G36713493 | Club Deportivo Xuvenil Teis | Voleibol | A | 1.500,00 € | 18 | **932,63 €** |
| G27846864 | Club Patinaje Balaidos | Patinaxe | A | 1.400,00 € | 18 | **932,63 €** |
| G27804970 | Club Peñasco | Fútbol | A | 500,00 € | 6 | **310,88 €** |
| G27852896 | Club de Remo Vigo | Remo | A | 1.500,00 € | 11 | **569,94 €** |
| G36823524 | Club Natación Traviesas | Natación Máster | A | 1.500,00 € | 9 | **466,31 €** |
| G36886422 | Club Deportivo Mosteiro Bembrive F S | Fútbol Sala | A | 1.500,00 € | 13 | **673,57 €** |
| G36645109 | Agrupación Viguesa de Atletismo | Atletismo | A | 1.500,00 € | 13 | **673,57 €** |
| G36990109 | Club Volei Praia Vigo | Volei praia | A | 1.500,00 € | 20 | **1.036,25 €** |
| G36704666 | Fede.Viguesa Peñas Recreativas El Olivo | Patinaxe Artística | A | 1.500,00 € | 12 | **621,75 €** |

| CIF | ENTIDADE SOLICITANTE: | DEPORTE | TIPO DEPORTE | Contía solicitada | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G36763084 | Club San Roque Casablanca | Fútbol | A | 1.500,00 € | 7 | **362,69 €** |
| G36649283 | Club Polideportivo AlertaNavia | Fútbol | A | 1.000,00 € | 6 | **310,88 €** |
| G27722305 | Club Deportivo Freestyle Slalom Vigo | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 11 | **569,94 €** |
| G36737724 | Club de Fútbol Balaídos | Fútbol e Fútbol Sala | A | 1.500,00 € | 10 | **518,13 €** |
| G27822006 | Club de Piragüismo Olívico | Piragüismo | A | 500,00 € | 12 | **500,00 €** |
| G36875391 | Club Baloncesto Salesianos | Baloncesto | A | 1.500,00 € | 16 | **829,00 €** |
| G27730597 | Club Triatlón Mar de Vigo | Triatlon | A | 1.500,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G36686376 | Agrupación deportiva Carballal | Balonmán | A | 1.500,00 € | 15 | **777,19 €** |
| G36810075 | Unión Balonmán Lavadores | Balonmán | A | 1.500,00 € | 13 | **673,57 €** |
| G36931582 | Club Deportivo Flic Flac | Ximnasia acrobática | A | 1.000,00 € | 19 | **984,44 €** |
| G36982239 | Escuelas Deportivas Vigo 2015 Futbol Sala | Fútbol e Fútbol Sala | A | 1.000,00 € | 7 | **362,69 €** |
| G36811974 | Club Castrelos Patinaxe Artística | Patinaxe | A | 750,00 € | 14 | **725,38 €** |
| G36929511 | Club Vigo Squash | Squash | A | 700,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G36622934 | Agrupación deportiva Galicia Social | Balonmán | A | 750,00 € | 13 | **673,57 €** |
| G36978559 | Club Kayak Vigo | Piragüismo | A | 1.200,00 € | 10 | **518,13 €** |

| CIF | ENTIDADE SOLICITANTE: | DEPORTE | TIPO DEPORTE | Contía solicitada | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G36612752 | Real Club Náutico Vigo | Natación artística | A | 1.500,00 € | 19 | **984,44 €** |
| G27710730 | Club Ciclista Coruxo | Ciclismo | A | 1.500,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G36629657 | CD Valadares | Fútbol | A | 1.000,00 € | 11 | **569,94 €** |
| G36708303 | Club San Ignacio de Lucha | Loita libre | A | 1.200,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G36645091 | Club As Rodas Patinaxe Artística de Vigo | Patinaxe artística | A | 1.500,00 € | 18 | **932,63 €** |
| G36650885 | Club Ciclista Vigués | Ciclismo | A | 500,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G36834240 | Club Minauta | Motonáutica | A | 1.000,00 € | 8 | **414,50 €** |
| G27763812 | Natación Sincronizada Rias Baixas Vigo | Natación Sincronizada | A | 1.200,00 € | 16 | **829,00 €** |
| G27726835 | Club Deportivo IES Coruxo | Fútbol sala | A | 1.500,00 € | 7 | **362,69 €** |
| G36630127 | Club Marítimo de Canido | Vela | A | 1.000,00 € | 6 | **310,88 €** |
| G36982304 | Club Patín Vagalume | Patinaxe artística | A | 1.500,00 € | 12 | **621,75 €** |
| G27784552 | Vigo Roller Derby | Patinaxe | A | 915,00 € | 14 | **725,38 €** |
| G36645018 | SD Atletismo San Miguel de Oia | Atletismo | A | 1.000,00 € | 13 | **673,57 €** |
| G27849090 | Illas Cíes Tenis de Mesa | Tenis de mesa | A | 1.000,00 € | 10 | **518,13 €** |
| G36927689 | Club Atletismo Femenino Celta | Atletismo | A | 1.500,00 € | 25 | **1.295,32 €** |
| G27750371 | Club Baile Deportivo Pasos- Baile Galcia | Baile deportivo | A | 1.500,00 € | 10 | **518,13 €** |
| G27869437 | Cíes Squash | Squash | A | 1.500,00 € | 13 | **673,57 €** |

<table>
<tr><th>CIF</th><th>ENTIDADE SOLICITANTE:</th><th>DEPORTE</th><th>TIPO DEPORTE</th><th>Contía solicitada</th><th>TOTAL PUNTUACIÓN</th><th>CONTÍA CONCEDIDA</th></tr>
<tr><td>G36948115</td><td>Club Balonmán Seis Do Nadal Coia</td><td>Balonmán</td><td>A</td><td>1.500,00 €</td><td>13</td><td>673,57 €</td></tr>
<tr><td>G27711597</td><td>Club de Baile Deportivo e Competición Baila Al Compás</td><td>Baile deportivo</td><td>A</td><td>750,00 €</td><td>24</td><td>750,00 €</td></tr>
<tr><td>G27768118</td><td>Club Balonman praia Painkillers</td><td>Balonman praia</td><td>A</td><td>1.500,00 €</td><td>12</td><td>621,75 €</td></tr>
<tr><td>G36985984</td><td>Club Balona Linense FS</td><td>Fútbol sala</td><td>A</td><td>1.500,00 €</td><td>9</td><td>466,31 €</td></tr>
<tr><td rowspan="2">G36904530</td><td rowspan="2">Club Deportivo C D S C R de Beade</td><td>Atletismo</td><td>A</td><td rowspan="2">750,00 €</td><td rowspan="2">13</td><td rowspan="2">673,57 €</td></tr>
<tr><td>Petanca</td><td>A</td></tr>
<tr><td rowspan="4">G36646446</td><td rowspan="4">Club Apóstol Santiago</td><td>Baloncesto</td><td>A</td><td rowspan="4">1.500,00 €</td><td rowspan="4">25</td><td rowspan="4">1.295,32 €</td></tr>
<tr><td>Fútbol</td><td>A</td></tr>
<tr><td>Patinaxe</td><td>A</td></tr>
<tr><td>Ximnasia rítmica</td><td>A</td></tr>
<tr><td rowspan="2">G27827856</td><td rowspan="2">Club Escola Rosalía</td><td>Ximnasia rítmica</td><td>A</td><td rowspan="2">1.200,00 €</td><td rowspan="2">14,5</td><td rowspan="2">751,28 €</td></tr>
<tr><td>Bádminton</td><td>B</td></tr>
<tr><td rowspan="3">G36637890</td><td rowspan="3">Club Montañeiros/as Celtas</td><td>Montañismo</td><td>B</td><td rowspan="3">1.000,00 €</td><td rowspan="3">14</td><td rowspan="3">725,38 €</td></tr>
<tr><td>Espeleoloxía</td><td>B</td></tr>
<tr><td>Actividades subacuáticas</td><td>B</td></tr>
<tr><td rowspan="2">G36614097</td><td rowspan="2">Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo</td><td>Tenis</td><td>B</td><td rowspan="2">1.500,00 €</td><td rowspan="2">7</td><td rowspan="2">362,69 €</td></tr>
<tr><td>Pádel</td><td>B</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td>TOTAL</td><td>887</td><td>44.999,16 €</td></tr>
</table>

**13(693).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 10174/320.**

Visto o informe xurídico do 16/07/2021 e o informe de fiscalización do 02/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/2021, asinado pola técnico de xestión (Instrución do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, de 28/07/2021), polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzmentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

–Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

–Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8348/320)

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria **do 26 de xullo de 2019** adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar a CLECE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 69.312,67 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.029,47 euros.*

*b) Reduce o tempo de resposta ante as incidencias:*

- *Non consideradas graves, que precisen a presenza de persoal técnico nos centros a 10 horas.*
- *Consideradas graves, que precisen a presenza de persoal técnico nos centros a 2 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"*

II. Segundo o disposto no apartado 4 das FEC (Folla de Características do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC), o prazo de duración do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

III. O contrato foi formalizado con data 29/08/2019 iniciándose a súa execución ao día seguinte (30/08/2019), polo que, o seu prazo finalizará o vindeiro 29/08/2021

IV. Con data 24/06/2021 o concelleiro de Participación Cidadá e Festas autorizou o inicio da tramitación do expediente de prórroga do contrato maior do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo

V. A través da notificación co número de saída 30753 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

VI. Con data 29/06/2021, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, eleva á Xunta de Goberno Local PROPOSTA de Acordo:

***"PRIMEIRO**: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) adxudicado a CLECE S.A. por Acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2019, para o período comprendido entre 30/08/2021-29/08/2022, polo importe de 34.656,34 euros, dos cales 11.744,65 € corresponden ao orzamento do ano 2021 e corresponden ao orzamento do ano 2022, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN E MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO, manténdose, no período de prórroga, a condición ofertada no contrato en relación coa redución do tempo de resposta ante incidencias:*

- *Non consideradas graves, que precisen a presenza do persoal técnico nos centros a 10 horas.*

*Consideradas graves, que precisen a presenza de persoal técnico nos centros a 2 horas*
..."

VII. Con data 16/07/2021, a titular da asesoría xurídica emitiu informe favorable á proposta.

VII. Polo servizo de Intervención se devolve o expediente, debido ao saldo insuficiente da partida, xa que o importe indicado para a anualidade 2021 non se corresponde co indicado no documento contable de Retención de crédito núm. Operación 202100004203 (expte. 8348/320), resultando unha diferencia, entre ambos, de **1 céntimo de euro.**
Realizas as comprobacións oportunas polo servizo, se apreciou que, existe un erro no cálculo dos importes das anualidades, de xeito que:
No exercicio 2021, onde dí 11.744,65 €, debera dicir, 11.744,64 €

No exercicio 2022, onde dí 22.911,69 €, debera dicir, 22.911,70 €

Á vista do exposto, se realiza a corrección da proposta co obxecto de adecuala ao crédito dispoñible para o período agosto-decembro 2021, á vista do documento contable co número de operación 202100004203 (expte. Núm. 8348/320), por un importe de 11.744,64 €.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 29/06/2021 e nº de saída 30753, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución con data 30/08/2019, o seu prazo finalizará o vindeiro 29/08/2021.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C FEC, no que se establecen dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

II. Na actualidade o *servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)*, se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 34.656,34 € e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN E MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO, correspondente ao orzamento do ano 2022, , quedando distribuído o prezo para o período 30/08/2021 - 29/08/2022, nas anualidades que se indican de seguido:

- 2021: **11.744,64 €** (30/08/21 a 31/12/2021)
- 2022: **22.911,70 €** (01/01/2022 a 29/08/2022)

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de *servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)*

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación ( art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020)) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, e previo informe de Intervención, remítese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA de

**ACORDO**

**PRIMEIRO**: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato *servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)* adxudicado a CLECE S.A. por Acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2019, para o período comprendido entre 30/08/2021-29/08/2022, polo importe de 34.656,34 euros, dos cales 11.744,64 € corresponden ao orzamento do ano 2021 e 22.911,70 corresponden ao orzamento do ano 2022, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN E MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO, manténdose, no período de prórroga, a condición ofertada no contrato en relación coa redución do tempo de resposta ante incidencias:

- *Non consideradas graves, que precisen a presenza do persoal técnico nos centros a 10 horas.*
- *Consideradas graves, que precisen a presenza de persoal técnico nos centros a 2 horas*

**SEGUNDO**: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(694).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DA XGL DO 10/06/2021, DESESTIMATORIO DE ABONAMENTO DE COMPLEMENTOS DE NOCTURNIDADE E FESTIVIDADES. EXPTE. 38102/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 30/07/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I**.- Solicitado, polos recorrentes (que se relacionarán no punto seguinte), o abono dos atrasos correspondentes aos complementos de festividade e nocturnidade deixados de percibir durante os períodos vacacionais, situacións de IT, asuntos propios e demais permisos; a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 10 de xuño de 2021, adoptou acordo desestimando as súas solicitudes.

O referido acordo, que afectaba a unha pluralidade de empregados públicos municipais, foi notificado en distintas datas, a partir do 08/07/2021.

**II.-** Os empregados públicos que se relacionan, mediante os documentos e nas datas que figuran no cadro, interpoñen recurso de reposición (algúns por duplicado e triplicado).

| N.º DOCUMENTO | DATA RECURSO | DNI | APELIDOS E NOME |
|---|---|---|---|
| 210154404 | 23/07/21 | ***5955** | Alonso Quiñones, P |
| 210155970 | 27/07/21 | ***0940** | Arbones Lago, G |
| 210155971 | 27/07/21 | ***0940** | Arbones Lago, G |
| 210155988 | 25/07/21 | ***0940** | Arbones Lago, G |
| 210154496 | 25/07/21 | ***3150** | Blanco Pérez, J |
| 210154498 | 25/07/21 | ***3150** | Blanco Pérez, J |
| 210154501 | 25/07/21 | ***3150** | Blanco Pérez, J |
| 210155364 | 27/07/21 | ***7973** | Bosque Rodríguez, J M del |
| 210155371 | 27/07/21 | ***7973** | Bosque Rodríguez, J M del |
| 210156593 | 28/07/21 | ***3613** | Bosque Zapata, J M del |

| N.º DOCU-MENTO | DATA RECURSO | DNI | APELIDOS E NOME |
|---|---|---|---|
| 210156611 | 28/07/21 | ***3613** | Bosque Zapata, J M del |
| 210155184 | 26/07/21 | ***1968** | Carnero Diaz, L A |
| 210155187 | 26/07/21 | ***1968** | Carnero Diaz, L A |
| 210155223 | 26/07/21 | ***6544** | Castro Costas, J M |
| 210129568 | 18/07/21 | ***2142** | Cortes Bautista, J M |
| 210153325 | 22/07/21 | ***2112** | Costal González, D |
| 210153517 | 22/07/21 | ***6984** | Costas Fernández, A B |
| 210154459 | 24/07/21 | ***5369** | Domínguez Veiga, A |
| 210154460 | 24/07/21 | ***5369** | Domínguez Veiga, A |
| 210154458 | 24/07/21 | ***5369** | Domínguez Veiga, A |
| 210153460 | 22/07/21 | ***4419** | Garcia Gil, A |
| 210153462 | 22/07/21 | ***4419** | García Gil, A |
| 210156882 | 28/07/21 | ***3192** | Garcia Rodríguez, E. |
| 210157423 | 29/07/21 | ***5222** | González Acea, A. |
| 210157440 | 29/07/21 | ***5222** | González Acea, A. |

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.- Lexitimación e prazo.**

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polos recorrentes, en tanto que o acordo agora impugnado, foi notificado en distintas datas, a partir do 08/07/2021, presentándose os recursos dentro do prazo dun mes.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no

mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iuditium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**II.- Alegacións.**

Os recorrentes interpoñen recurso de reposición alegando en síntese os mesmos argumentos da solicitude inicialmente presentada e que deu lugar ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 10 de xuño de 2021.

As alegacións dos recorrentes, en tanto que son substancialmente idénticas, non desvirtúan o establecido no referido Acordo da Xunta de Goberno Local agora recorrido, e cuxos fundamentos xurídicos polo que aquí interesa, reproducimos a continuación:

***"II.- Complementos festividade e nocturnidade.-***
*Para a desestimación da solicitude, nos remitimos integramente á sentenza 205/2020 do xulgado contencioso-administrativo nº1 de Vigo, de data 27/10/2020: "Los complementos que se solicitan presuponen la prestación efectiva de servicios. Se ha de partir de que, dada la condición funcionarial del recurrente, su sistema retributivo no puede ser otro que el previsto en la Ley.*
*Las retribuciones por los conceptos de nocturnidad, trabajos en festivos y en excesos de jornada son gratificaciones por servicios extraordinarios. Retribuyen trabajos realizados en una jornada que no se considera normal, por lo que no deben incluirse entre las retribuciones a percibir en los periodos de baja porenfermedad, o en los casos de disfrute de permisos. Las gratificaciones solo pueden retribuir periodos efectivos de trabajo.*
*O Tribunal Supremo (Sta. de 22.12.1995), en relación a la llamada penosidad nocturna y penosidad festiva, o retribuciones percibidas por trabajos en horas nocturnas o en domingos y festivos, ha establecido que dichas retribuciones son gratificaciones por servicios extraordinarios.*
*Mientras que el complemento específico se fija para cada puesto de trabajo en atención a las características de su función, con independencia del tiempo en que se lleve a cabo, la gratificación por servicios extraordinarios retribuye trabajos realizados en una jornada que no se considera normal, calificando como gratificaciones dichos complementos de penosidad, nocturnidad y festivo, que no son fijados en atención a las características del puesto de trabajo con independencia del tiempo en que se lleve a cabo.*
*Además, por definición legal, en ningún caso serán fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo las retribuciones extraordinarias que correspondan a trabajos fuera de la jornada normal.*

*En este sentido, el art. 137.2 d) de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia define como retribuciones complementarias las gratificaciones por servicios extraordinarios, realizados fuera de la jornada normal, que en ningún caso pueden ser fijas en su cuantía ni periódicas en su percepción. También tendrán la consideración de gratificaciones extraordinarias las compensaciones económicas no incluidas en el complemento de puesto de trabajo que se devenguen por la prestación de servicios en regímenes de jornada distinta a la ordinaria, cambios de turno, realización de guardias localizadas o de trabajos nocturnos o en sábados, domingos y festivos,..."*

Solo engadir en canto á referencia feita no punto V do recurso, ás sentenzas ditadas no ámbito de xurisdición social, que, en primeiro lugar, o réxime normativo para o persoal funcionario e persoal laboral, é distinto. Por outra banda, incluso no ámbito social, temos sentenzas contraditorias, toda vez que o xulgado do social nº 1 de Vigo, Sentenza 120/2020, de data 2 de xullo de 2020, desestima as solicitudes polos conceptos agora reclamados, co argumento seguinte, reproducimos parcialmente o fundamento primeiro: "*... Y, coincido con el demandado, en que las retribuciones fijas y periódicas son el salario base, antigüedad, complementos de destino y específico y pagas extras, retribuciones que el trabajador percibe siempre y que sólo deja de cobrar en caso de baja médica para ser sustituidas por las prestaciones de incapacidad temporal.*

*El resto dependen siempre de que el trabajo se realice en fines de semana, de noche, que se reconozca la productividad, etc.*

*El hecho de que los cuadrantes de trabajo se elaboren y el actor los conozca a principios de año no supone que ciertos conceptos retributivos tengan carácter fijo y periódico pues los cuadrantes son una previsión de trabajo, pero luego se pueden alterar en la práctica por las bajas, permisos e incluso cambios de turnos entre compañeros si la empresa lo permite y en la práctica, como resulta de las nóminas aportadas, no son conceptos de cuantías fijas.*

*De hecho, el artículo 20 define la productividad indicando que está destinada a retribuir el especial rendimiento, la actividad extraordinaria o el interés o iniciativa con que se desenvuelva el trabajo, lo que supone que no siempre se percibe y menos en cuantías fijas.*

*Y la gratificación extraordinaria la define como la realización de servicios extraordinarios fuera de la jornada normal "...que en ningún caso poderán ser fixas na súa cuantía e periódica na súa percepción".*

*Es más, así se perciben las prestaciones de incapacidad temporal y su complemento por los funcionarios. Y el personal laboral está equiparado al funcionario.*

*En consecuencia, procede desestimar la demanda."*

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, os recurso de reposición, interpostos por:

| N.º DOCUMENTO | DATA RECURSO | DNI | APELIDOS E NOME |
|---|---|---|---|
| 210154404 | 23/07/21 | ***5955** | Alonso Quiñones, P |
| 210155970 | 27/07/21 | ***0940** | Arbones Lago, G |
| 210155971 | 27/07/21 | ***0940** | Arbones Lago, G |
| 210155988 | 25/07/21 | ***0940** | Arbones Lago, G |
| 210154496 | 25/07/21 | ***3150** | Blanco Pérez, J |
| 210154498 | 25/07/21 | ***3150** | Blanco Pérez, J |
| 210154501 | 25/07/21 | ***3150** | Blanco Pérez, J |
| 210155364 | 27/07/21 | ***7973** | Bosque Rodríguez, J M del |
| 210155371 | 27/07/21 | ***7973** | Bosque Rodríguez, J M del |
| 210156593 | 28/07/21 | ***3613** | Bosque Zapata, J M del |
| 210156611 | 28/07/21 | ***3613** | Bosque Zapata, J M del |
| 210155184 | 26/07/21 | ***1968** | Carnero Diaz, L A |
| 210155187 | 26/07/21 | ***1968** | Carnero Diaz, L A |
| 210155223 | 26/07/21 | ***6544** | Castro Costas, J M |
| 210129568 | 18/07/21 | ***2142** | Cortes Bautista, J M |
| 210153325 | 22/07/21 | ***2112** | Costal González, D |
| 210153517 | 22/07/21 | ***6984** | Costas Fernández, A B |
| 210154459 | 24/07/21 | ***5369** | Domínguez Veiga, A |
| 210154460 | 24/07/21 | ***5369** | Domínguez Veiga, A |
| 210154458 | 24/07/21 | ***5369** | Domínguez Veiga, A |
| 210153460 | 22/07/21 | ***4419** | Garcia Gil, A |
| 210153462 | 22/07/21 | ***4419** | García Gil, A |
| 210156882 | 28/07/21 | ***3192** | Garcia Rodríguez, E. |
| 210157423 | 29/07/21 | ***5222** | González Acea, A. |
| 210157440 | 29/07/21 | ***5222** | González Acea, A. |

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo aos recorrentes.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(695).- BASES REITORAS DO PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO ENXEÑEIROS/AS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS E ENXEÑEIROS/AS INDUSTRIAIS. EXPTE. 38107/220.**
Visto o informe de fiscalización do 02/08/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/07/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** En data de sinatura electrónica, mediante escrito asinado polo Xefe do servizo administrativo e control orzamentario coa conformidade do Tenente de alcalde e concelleiro delegado de fomento e servizos, solicita a necesidade de máxima urxencia na elaboración dunha bolsa de emprego de Enxeñeiros/as de Camiños Canais e Portos e Enxeñeiros/as Industriais por concurso de méritos.

**II.-** Mediante instrución de servizo de data 30/07/2021 a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, ordena incoar "*expediente administrativo para a elaboración dunhas bases reitoras para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 Real Decreto 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como* Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos e Enxeñeiros Industriais*, e que garante cubrir as necesidades de medios humanos existentes no Servizo de Fomento, á maior brevidade posible.*
*A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento."*

**III.-** Por acordo de XGL de 16/07/2021, aprobáronse os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego, cuxo punto I prevé que "Con carácter excepcional, en determinadas categorías de

administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.”

**IV.-** Segundo consta no escrito referido no punto primeiro, o método do concurso considérase o máis axeitado por tratase de prazas de administración especial con perfiles técnicos moi específicos, así como a urxencia e necesidade de dotarse dunha bolsa no prazo máis urxente.

Consta igualmente, proposta dos méritos a valorar, e xustificación da elección dos mesmos.

**V.-** En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa
o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable o réxime xeral dos funcionarios de carreira en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de funcionario de carreira.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e actualizacións subseguintes.

**II.-** En canto a elección do sistema de selección, indicar que por acordo de XGL de 16/07/2021, aprobáronse os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego, cuxo punto I prevé que "Con carácter excepcional, en determinadas categorías de administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos."

Segundo consta no escrito asinado polo Xefe do servizo administrativo e control orzamentario coa conformidade do Tenente de alcalde e concelleiro delegado de fomento e servizos, o método do concurso considérase o máis axeitado por tratase de prazas de administración especial con perfiles técnicos moi específicos, así como a urxencia e necesidade de dotarse dunha bolsa no prazo máis urxente.

Consta igualmente, proposta dos méritos a valorar, e xustificación da elección dos mesmos.

**III.**- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houbese, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- **Enxeñeiros/as de camiños canais e portos**: Estar en posesión do título académico oficial de Enxeñería de camiños, canais e portos, master en enxeñería de camiños, canais e portos ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, e modificacións puntais aprobadas con posterioridade.

- **Enxeñeiros/as industriais**: estar en posesión do título académico oficial de enxeñería industrial ou master en enxeñería industrial ou equivalente,

Como **requis
itos xerais** para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

**IV.-** En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

***"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.***

***2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie."***

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:
***"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.***

***2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:***

- ***a) El personal de elección o de designación política.***
- ***b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***
- ***c) El personal eventual.***
- ***d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.***

***4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.***

***5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.***

***6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.***

***7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos."***

Asimesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

**V.-** Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local se-

gundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar as bases específicas reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsa de emprego de Enxeñeiro de camiños, canais e portos e Enxeñeiro industrial (ambas enmarcadas no grupo A subgrupo A1, escala admon. especial), que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública dos procesos selectivos para a formación de dúas Bolsas de Emprego:

**1.-** Enxeñeiro de camiños, canais e portos, subgrupo A1, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo.

**2.-** Enxeñeiro industrial, subgrupo A1, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo.

**Terceiro.-** Habilitar expresamente á Concellería-delegada competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decreto da Excma. Alcaldía e Acordos XGL de datas 16/04/2021 e 22/04/2022.

**Carto.-** Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación:

-Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, pudendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

-Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO I

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE DÚAS BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS (SUBGRUPO A1), E COMO ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS (SUBGRUPO A1)

### I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación de dúas bolsas (Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos e Enxeñeiros/as industriais), subgrupo A1, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

### II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico de:

- **Enxeñeiros/as de camiños canais e portos**: Estar en posesión do título académico oficial de Enxeñería de camiños, canais e portos, master en enxeñería de camiños, canais e portos ou equivalente.

- **Enxeñeiros/as industriais**: estar en posesión do título académico oficial de enxeñería industrial ou master en enxeñería industrial ou equivalente.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade cos postos de traballo asociados ás prazas de Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos e Enxeñeiros/as industriais.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerase de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

## III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de concurso, segundo a previsión dos criterios de xestión de listas de reserva (acordo XGL 16/07/2021), consistindo valoración de méritos segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

## IV.- VALORACIÓN DE MÉRITOS

**A.- EXÁMENES APROBADOS.**- ATA UN MÁXIMO DE 20 PUNTOS

Superación nos últimos 6 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes, de procesos selectivos celebrados para o acceso como persoal funcionario (de carreira ou interino) na praza de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, ou Enxeñeiro industrial, (cada unha para a súa respectiva convocatoria) en procesos selectivos convocados polo Concello de Vigo.

Cada proceso selectivo valorarase con 10 puntos.

**B.- EXPERIENCIA PROFESIONAL .-** ATA UN MÁXIMO DE 10 PUNTOS

**1-** 0,30 puntos por cada mes completo de servizos presentados nos últimos 6 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes en funcións de Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos ou Enxeñeiro Industrial(cada unha para a súa respectiva convocatoria) en calquera Administración Pública.

Estos servizos prestados se acreditarán mediante certificación da administración correspondente. Non se terá en conta a fracción inferior a un mes.

**2.-** 0,10 por cada mes completo de servizos presentados nos últimos 6 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes en funcións de Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos ou Enxeñeiro Industrial (cada unha para a súa respectiva convocatoria) en empresas privadas e en traballo por conta propia , análogo ás prazas obxecto destas bases.

Estes servizos acreditaranse mediante informe de vida laboral ou certificación de cotizacións expedidas pola Seguridade Social, acompañada inexcusablemente do certificado ou informe da empresa correspondente ou contratos de traballo ou nóminas onde conste o tempo traballado e o posto de traballo ocupado.

**C.- FORMACIÓN ACADÉMICA.-** ATA UN MÁXIMO DE 5 PUNTOS

Por estar estar en posesión de titulación de Máster universitario oficial e/ou Doutorado relacionados coas funcións propias da praza, sempre que a mesma non fose requisito para o acceso á praza: 5 puntos.

**D.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.-** ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS

Por participación en cursos impartidos por Administracións Públicas ou outros organismos oficiais competentes (colexios oficiais, etc)nos últimos 10 anos.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 1,00 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,80 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,50 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,25 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións da praza.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante que teña máis puntos por este orden (exames aprobados, experiencia profesional, formación académica, formación complementaria). En caso de persistir o empate resolveranse por sorteo.

**GALEGO.-** Os/as aspirantes, con carácter previo á toma de posesión, deberán acreditar estar en posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I.

A posesión do título referido, deberá comunicarse no prazo regulamentario de presentación de instancias,

O/a aspirante que non o acredite previamente á toma de posesión, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Unha vez rematada a valoración e sumadas as cualificacións correspondentes, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

## V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

As **solicitudes** dirixirase á Excma. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”), así como **xustificación documental dos méritos aportados.**

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986.22.52.26 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

## VII.- ÓRGANOS DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo ou do seu organismo autónomo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente pro-

posta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios/as serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, encadrados/as no subgrupo A1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a de carreira adscrito/a Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, os asesores/as que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego,** ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16/07/2021, segundo o cal:

*"- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncian, como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.*

*- Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

*1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;*
*2.- Incapacidade temporal (IT);*
*3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado*
*4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*
*5.- Coidado de fillo menor de 3 años, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.*
*6.- Violencia de xénero.*
*7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razones de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres años.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:*

*1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;*
*3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;*
*4.- Certificado de nacemento de fillo;*
*5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección;*
*6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.*

*Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.*

*As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante o para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.*

*- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.*

*- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas.*"

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

**IX.- INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

Os aspirantes terán un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións á acta de valoración, a contar dende a publicación da mesma na paxina web muncicipal, www.vigo.org.

**X.- RÉXIME XURÍDICO**

A valoración dos méritos axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

## 16(696).- ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN AMTEGA PARA A DIXITALIZACIÓN DOS FONDOS PATRIMONIAIS DO ARQUIVO XERAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 832/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 30/07/2021, asinado polo técnico superior de arquivos do Arquivo Municipal, pola secretaria de Admon. Municipal e pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** Con data do 9 de marzo de 2020, o Diario Oficial de Galicia publica a RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Di-

xital de Galicia, e se procede á súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR606A).

**2.-** Con data do 15 de xuño de 2020, mediante Resolución de Incoación do Expediente 832/1102 "Solicitude subvención á AMTEGA", apróbase que pola Secretaría do Goberno Local se inicie o correspondente expediente dirixido á solicitar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) as axudas destinadas á dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, para os anos 2020-2021 (código de procedemento PR606A), Resolución do 27 de febreiro de 2020, (DOG Núm. 46, 9 de marzo de 2020), cara á permanente mellora do Arquivo Municipal do Concello de Vigo. Ademais, designábase ao técnico de arquivos do Arquivo Municipal, D Diego Gómez-Aller Andrés, instrutor do expediente.

**3.-** Con data do 22 de xuño de 2020, mediante Resolución da concelleira de Organización Municipal, dáse aprobación ao Informe-Proposta de solicitude de subvención á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia, por un importe de 88.715,85 €, de conformidade co establecido no Anexo da devandita proposta, autorizando á titular da Secretaría de Goberno Local, ou persoa que desempeñe as ditas funcións, a asinar a solicitude de subvención ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

**4.-** Con data do 26 de xuño de 2020, en sesión ordinaria, a Xunta de Goberno Local, adopta o acordo de aprobación do Informe-Proposta do 22 de xuño asinado pola Secretaría de Goberno Local e pola concelleira de Organización Municipal.
**5.-** Nesa mesma data, mediante o Anexo I e II, preséntase na sede electrónica da Xunta de Galicia a solicitude para participar nas subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural galego e a súa preservación e difusión no recolector Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia (Procedemento PR606A).
**6.-** Con data do 11 de decembro de 2020, notifícase requirimento de emenda da devandita solicitude, presentándose na sede electrónica da Xunta de Galicia, o 23 dese mesmo mes, a emenda ao referido requirimento.

**7.-** Con data do 31 de maio de 2021, apróbase a proposta de resolución provisional emitida pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, propoñendo a concesión da subvención para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, por un valor de 88.715,85 €, ao Concello de Vigo. Posteriormente, con data do 27 de xullo de 2021, dáse aprobación á resolución definitiva asinada pola directora da Área de Administración Dixital da AMTEGA confirmando a concesión da subvención a favor do Concello de Vigo por valor de 88.715,85 €.

**INFORME**
O Arquivo municipal de Vigo custodia unha inxente cantidade de documentación nos seus depósitos entre os que podemos encontrar fondos documentais de grande valor histórico e patrimonial que testemuñan a evolución histórica do municipio e a súa contorna. A pesar do grande valor que posúen ditos documentos, o Arquivo municipal limitábase a exercer unicamente as funcións referidas á prestación dos seus servizos á cidadanía e as propias dependencias municipais, obviando todos os traballos de índole técnica propios dun Arquivo.

Non obstante, a partir xaneiro de 2020 iniciouse, mediante a adxudicación da contratación do servizo de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do Arquivo municipal (Expediente 8629/113), un proceso de actualización e modernización do propio Arquivo co obxectivo de pór en valor este acervo documental mediante a implantación dunha ferramenta informática de xestión de arquivos, a clasificación, descrición e inventariación dos seus fondos documentais e a dixitalización das series documentais máis destacadas do fondo municipal como son os Libros de actas do Pleno ou os Libros de actas da Comisión Municipal Permanente entre outras.

No Informe inicial de situación e Plan de actuación emitido polo Arquivo municipal o 5 de novembro de 2020 establecíanse unhas liñas de actuación en materia de divulgación entre as que se encontraban a execución de proxectos de dixitalización, tanto con fondos propios como por medio de subvencións dirixidas a este tipo de actuacións. Ademais, no anexo a dito informe, emitido o 10 de decembro desde mesmo ano, establecíanse uns criterios básicos para a determinación dos fondos e series documentais a dixitalizar entre os que podemos citar a alta demanda da documentación e dificultade no manexo dos materiais polo seu tamaño e o alto valor histórico, patrimonial e informativo.

Desta forma, con esta actuación, preténdese avanzar nos obxectivos marcados desde o Arquivo municipal referidos á mellora da accesibilidade e difusión do seu patrimonio documental, así como garantir a súa preservación para xeracións futuras. Xa que logo, dentro desta liña actuación tense elaborado o proxecto Dixitalización de fondos patrimoniais do Arquivo municipal de Vigo que atinxe á seguinte documentación:

- Concello de Bouzas (Series determinadas) (1599-1904)
- Concello de Lavadores (Series determinadas) (1900-1941)
- Marquesado de Valadares (Fondo completo) (1532-1950)
- Marquesado de Mos e Valadares (Fondo completo) (1378-1969)

Por tanto, e de conformidade ao artigo 26 da propia convocatoria e da Resolución do 27 de xullo de 2021, desde o Arquivo municipal emítese a seguinte

PROPOSTA
1.- Aceptar a subvención concedida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para á dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, para os anos 2020-2021 (código de procedemento PR606A), Resolución do 27 de febreiro de 2020, (DOG Núm. 46, 9 de marzo de 2020), para a dixitalización dos fondos patrimoniais do Arquivo Xeral do Concello de Vigo, por un importe de 88.715,85 €, de conformidade coa Resolución definitiva do 27 de xullo de 2021 asinada pola directora da Área de Administración Dixital da AMTEGA confirmando a concesión da subvención a favor do Concello de Vigo.

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(697).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA**

**O DESENVOLVEMENTO DO "OUTONO LÍRICO 2021" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA. EXPTE. 3826/330.**

Visto o informe xurídico do 21/07/2021 e o informe de fiscalización do 26/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das Deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

A Concellería-Delegada da Área de Cultura ten entre as súas competencias o fomento, promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais, así como o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral, co obxectivo da difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.

A asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Entre as actividades organizadas pola Asociación de Amigos de la Ópera está o desenvolvemento do "Festival Outono Lírico 2021", entre os meses de setembro a novembro, un evento cultural de gran importancia na cidade de Vigo; neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a Deputación realiza unha achega de 10.000 € (dez mil euros) para o financiamento da organización do Festival Outono Lírico 2021 que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2021 na cidade de Vigo.

En consecuencia, o día 15.04.2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excma Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para o financiamento do "Outono Lírico 2021" que terá lugar entre os meses de setembro e decembro do 2021 organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Nos orzamentos municipais do ano 2021 figura unha subvención nominativa a favor da entidade "As. Amigos da Ópera de Vigo. Outono Lírico", aplicación 3340.480.00.05 polo importe de 50.000 euros que se tramitará conxuntamente xunto cos 10.000 euros achegados pola Deputación.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do "Outono Lírico 2021" segundo o orzamento presentado, ascenden a un total de 95.815 euros

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Concello de Vigonon está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas Entidades Locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril. Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**
Primeiro.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, que se achega ao expediente, para o

financiamento do "Outono Lírico 2021" que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2021, organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Segundo.-Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscrición.
Terceiro.- Tras a sinatura deste convenio iniciarase a tramitación administrativa conducente ao cumprimento dos termos da adxudicación da subvención.
me/

**Acordo:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 18(698).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO "CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO", PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2021. EXPTE. 3939/330.

Visto o informe xurídico de data 22/07/2021 e o informe de fiscalización do 28/07/2021, dáse conta o informe-proposta de data 06/07/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 24 de xuño do 2021, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "Festival da Música e das Artes nas Ondas 2021"; por este motivo, con data 1 de xullo do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-
**O Conservatorio Superior de Música de Vigo** *é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS".*

PROGRAMA E ORZAMENTO:

| DATA | EVENTO / PARTICIPANTES | CICLO | ESPAZO |
|---|---|---|---|
| | **MARZO** | | |
| Martes 2<br>18 h | **Relatorio: As sonatas para viola da gamba e clave de J. S. Bach**<br>Alejando Casal | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 3<br>17:30 h | **Relatorio: Retórica musical**<br>Maria del Mar Blanco Moreno | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 3<br>20 h | **Sonatas para viola da gamba e clave de J. S. Bach**<br>Sara Ruiz (viola da gamba) Alejandro Casal (clave) | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 4<br>20 h | **Orquestra Barroca do CSMVigo** | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Venres 5<br>10 - 14 h | **Seminario de Interpretación da Música Antiga para instrumentistas de corda**<br>Pavel Amilcar (violín barroco) | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Martes 9<br>20 h | **Un serán de música rusa: Rachmaninov, Prokofiev e Shostakovic**<br>Raúl Rodríguez / Adriana Iglesias | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 10<br>mañá | **Clases maxistrais - percusión**<br>Noè Rodrigo Gisbert | PercusiónFEST | |
| Mércores 10<br>20 h | **Recital de percusión**<br>Noè Rodrigo Gisbert (percusión) | PercusiónFEST | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 11<br>20 h | **Unha peregrinaxe a través da literatura pianística**<br>Miguel Montes, Sara Mínguez, Tania Quintas, Adrián Martínez e Iria Ramos | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Venres 12<br>20 h | **Concerto Compartido de Grupos de Percusión**<br>PercuCar (CPM Carballiño), CSMVigo, ATTACA (CPM A Coruña), MARATIECA. | PercusiónFEST | Auditorio Martín Códax |
| Martes 16<br>20 h | **Recital de piano**<br>Javier Vázquez Grela | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 17<br>20 h | **Recital de piano**<br>Alba Raña Barreiro | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Martes 23<br>20 h | **Unha viaxe a través do Romanticismo**<br>Lara Quesada, Rosa Ana Cayetano, Óscar Paniagua, Marcos Martínez, Nicolás Alén, Andrés Montenegro, Pablo Rodríguez, Lucas López e Laura Formigo | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 24<br>20 h | **Recital de piano**<br>Laura Cimarra / Antonio González Urís | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 25<br>20 h | **Concertos de Bach para teclados**<br>María José Cid, Isabel Gil, Nicasio Gradaille e Pablo Rodríguez | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Venres 26<br>20 h | **Unha ollada á infancia: J. S. Bach e Chick Corea**<br>Sara Mínguez, Marcos Martínez, Sara Lía Ochogavías, Nicasio Gradaille, Laura Formigo e Lucas López | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |

| ABRIL | | | |
|---|---|---|---|
| Xoves 8<br>20 h | **Camiño francés**<br>Mario Peris (violín) Severino Ortiz (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Martes 13<br>20 h | **Dúo Nedobora & Rejas**<br>Grigory Nedobora (violín) Patricia Rejas (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 15<br>20 h | **Kunstlieder - Chansons und Volkslieder**<br>Beatriz Arenas Lago (soprano) Felix Justen (guitarra) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Venres 16<br>20 h | **Bolboreta**<br>Ensamble Verxel | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Luns 19<br>20 h | **Xosé Miguélez (saxofón) e a Big Band do CSMVigo** | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Martes 20<br>20 h | **Dúo Troya & Rodríguez**<br>Alejandro Troya (saxofón) Pablo Rodríguez (piano) | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 21<br>20 h | **Ensamble de saxofóns do CSMVigo**<br>Alejandro Troya (director) | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 22<br>20 h | **Tangos e músicas do mundo. Concerto de guitarra e ronroco**<br>Mariano Gil (guitarra e ronroco) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Martes 27<br>20 h | **Dúo Valverde & Ortiz**<br>Esteban Valverde (clarinete) Severino Ortiz (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 28<br>20 h | **De naufragiis**<br>Manuel Morales (frauta) Rafael Yebra (saxofón) Adolfo Caride (trompeta) Mario Peris (violín) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 29<br>20 h | **Quintetos de ventos con piano**<br>Ricardo Pazo (óboe) Roberto Noche (clarinete) Ainara González (trompa) Óscar Araújo (fagot) Patricia Rejas (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| **MAIO** | | | |
| Martes 4<br>18 h | **Orquestra de corda do CSMV**<br>Juan Carlos Díaz, director | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |
| Martes 4<br>20 h | **Ensamble de metais do CSMV**<br>Juan Carlos Díaz, director | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 5<br>18 h | **Ensamble de madeiras do CSMV**<br>Juan Carlos Díaz, director | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 5<br>20 h | **Ensamble de clarinetes do CSMV**<br>Juan Carlos Díaz, director | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Xoves 6<br>19 h | **Relatorio: Achegamento ao repertorio camerístico de Salvador Brotons**<br>Salvador Brotons | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 6<br>20 h | **Monográfico sobre Salvador Brotons**<br>Fernando Raña (frauta) Ricardo Pazo (óboe) Pablo Soto (percusión) Rasa Biveiniene Jakutyte (piano) Conxunto de corda CSMV | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Venres 7<br>20 h | **Messiaen: Quatuor pour la fin du temps**<br>Roberto Noche (clarinete) Mario Peris (violín) Carmen Tubío (cello) Severino Ortiz (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Martes 11<br>20 h | **Concerto de poesía musicada e canción galega**<br>Laura Formigo (narradora e piano) Patricia Blanco, Icíar Borges e Aida Cruz (sopranos) Lucas López (barítono) José Manuel Fernández e Carlos Enrique Pérez (piano) | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 13<br>20 h | **Big Band do CSMVigo: arranxos do folclore galego**<br>Alejandro Troya (director) | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| Venres 14<br>20 h | **Juan Durán: obra para saxofón e piano**<br>Juan Durán (presentación) Dúo Brillance: Marcos Mariño (saxofón) Gabriel López (piano) | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| | XUÑO | | |
| Martes 1<br>20 h | **Concerto de Premiados no VI Concurso de Música de Cámara do CSMVigo** | ABRENTE | Auditorio de Praza do Rei |

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 14.000 € (catorce mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Consellería de Cultura: 10.000 euros

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do "Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2021", obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza

coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do **"FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2021"** figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade " Conservatorio Superior de Música de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q-8650014G, para o financiamento do Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENCIÓN CMUS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**

–E de responsabilidade da Entidade :
–A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
–A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
–Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.

–Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, presidente da entidade

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**
O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias

que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.  Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

<u>Documentación a incluír na conta xustificativa:</u>

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro de 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    - Memoria de prensa.
    - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

- Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:
Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras su-

bvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal cas

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.
me/

**<u>Acordo</u>:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CHALECOS DE USO EXTERNO PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL, EXPTE. 71430/212.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**19(699).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CHALECOS DE USO EXTERNO PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL, EXPTE. 71430/212.**
A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 28/07/2021 e o informe de fiscalización do 02/08/2021, dáse conta do informe-proposta do 27/07/2021, asinado polo intendente da Policía Local, polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

1 .- O 17 de setembro do 2020 a Concelleira delegada de Seguridade, ordena a incoación dun expediente de contratación mediante o procedemento aberto (71430-212) para o subministro de chalecos antibala para a Policía Local.

2.- Tramitado o expediente, está formado polos seguintes documentos:

2.1 Informe de necesidade e idoneidade (17/09/20)
2.2 Orde de iniciación do expediente (17/09/20)
2.3 Memoria económica ( 04/05/21).
2.4 Certificado da existencia de crédito adecuado e suficiente. RC de 05/05/2021 ( operacións 202100049563-RC- e 202100049564 - RCFUT-)
2.5 Prego de Prescripcións Técnicas (06/05/21)
2.6 Declaración redactor Prego de Prescripcións Técnicas (10/05/21).
2.7 Memoria Xustificativa (23/07/21).
2.8 Informe do Servizo de Contratación (23/07/21).
2.9 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (23/07/21).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

PRIMEIRO.- En canto ao inicio e tramitación do expediente, arts. 116 e concordantes, e disposicións adicionais segunda e terceira todos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO.- En canto á competencia para iniciar o expediente, no Decreto de Alcaldía de 16 de abril de 2021 modificando a Resolución de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020.

TERCEIRO.- En canto á aprobación do expediente, D.A. 2a da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- No expediente consta a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2219904 (ADQUISICIÓN CHALECOS ANTIBALA).

En mérito de canto antecede, previo informe da Asesoría Xurídica e posterior fiscalización da Intervención Xeral, vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para o subministro de chalecos antibalas, anticoitelos e antipunzón de uso externo para o servizo da Policía Local cos seus pregos de Prescripcións Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares.

2º.- Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 205.069.28 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2219904 (ADQUISICIÓN CHALECOS ANTIBALA).

Dacordo coas anualidades previstas no apartado 2.2 da memoria económica, a imputación do prezo do contrato é a seguinte:

- Ano 2021: 197 chalecos antibala por importe máximo de 132.890,29 IVE engadido.
- Ano 2022: 107chalecos antibala por importe máximo de 72.178,99 € IVE engadido.

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación aberto, de tramitación ordinaria.

**<u>Acordo</u>:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(700).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non se produciron nin rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.